



---

## ***Farruco, Paco, Fran: datos históricos e evolución dos hipocorísticos en Galicia***

---

*Ana Isabel Boullón Agrelo*  
*Universidade de Santiago de Compostela*

### **Resumo:**

Os hipocorísticos, ou formas afectivas dos nomes persoais, apenas foron obxecto de estudo en Galicia ata agora. Neste traballo comézase reflexionando sobre a súa delimitación conceptual e as dificultades metodolóxicas para o seu estudo. Logo, examínanse os rexistrados en Galicia ao longo dos séculos, desde a Idade Media, os Séculos Escuros e o século XX ata as tendencias máis recentes. A partir deles faise unha análise dos procedementos de formación dos hipocorísticos máis tradicionais (a adxunción de sufixos, a supresión de sons, o uso de certas consoantes palatais, e outros) e considérase a influencia que sobre eles tiveron os cambios nas tendencias onomásticas dos últimos anos. Ao final reproducéase a compilación das máis de 400 formas rexistradas.

### **Palabras chave:**

Antroponimia, hipocorísticos, lingua galega.

### **Abstract:**

*Hypocoristics, or affectionate forms of personal names, have scarcely been the subject of study in Galicia until now. In this work the author reflects upon their conceptual delimitation and the methodological difficulties posed by their study. Hypocoristics registered in Galicia during the course of several centuries are examined, from the period of the Middle Ages, to the so-called Dark Centuries and the twentieth century until more recent trends. Processes associated with the formation of more traditional hypocoristics are analyzed (the addition of suffixes, suppression of sounds, use of certain palatal consonants, etc.), with especial emphasis places on the influence that changes in naming trends have exercised upon them in recent years. Finally, the compilation of the more of 400 forms is reproduced.*

### **Key words:**

*Personal names, hypocoristics, Galician language.*

## **1. Delimitación do concepto de hipocorístico**

Os hipocorísticos son variantes formais dun prenome, que se comezan a usar no ámbito familiar e teñen orixe nos hábitos articulatorios da linguaxe infantil.

Comparten características cos alcumes, por seren ámbalas dúas denominacións alternativas á oficial, non sistemáticas, que se dan nun ámbito máis ou menos reducido ao redor do portador. Pero os alcumes son propios das áreas rurais e vilegas, motivados ao principio e moitas veces hereditarios; pola contra, os hipocorísticos están estendidos a tódolos ámbitos sociais e poboacionais, créanse a partir das características formais do prenome (ou repiten unha forma xa consabida), e raras veces son hereditarios, porque, con frecuencia, deixan de usarse máis alá da adolescencia ou fóra do ámbito familiar. Isto non significa que algúns deles non poidan converterse propiamente en alcumes que acompañan o portador durante toda a súa vida, e nalgúns casos, coma os alcumes, tamén se fan hereditarios, ata esquecerse a motivación ou o nome último que os orixinou.

Este carácter ‘cariñoso’, ‘diminutivo’ que está na orixe etimolóxica da palabra<sup>1</sup>, pode obstaculizar a súa identificación, porque tódolos nomes propios son, en principio, susceptibles de portar sufixos de carácter expresivo que reflicten unha actitude de tenrura cara á persoa que o leva; nese caso está, por suposto, o sufixo diminutivo por excelencia, *-iñalo* (*Carmiña*), pero tamén outros que practicamente só se usan cos antropónimos (como en *Quicocho*, *Xanzolas*), e que se poden empregar de maneira asistemática, só en determinadas ocasións. Esa é a razón, seguramente, do uso de certos diminutivos, normalmente expresados co sufixo *-iño*, que se observan nos textos literarios, como o *Barbuliña* co que se refire Sarmiento [1746] á princesa portuguesa esposa de Fernando VI, Bárbara de Braganza. Nesta recollida procurei ter en conta non tódalas posibilidades do sistema de aplicación de sufixos ás bases antropónimicas, senón só aquelas formas que semellan ser usadas como a denominación principal da persoa no seu ámbito social máis próximo.

Por outro lado, hai hipocorísticos que foron considerados como as formas galegas do nome correspondente, posiblemente por un certo afán diferencialista. O propio Saco, na súa *Gramática* (1868: 235-7), só indica propiamente como “diminutivos” *Perucho* e *Maruxa*, pois para o cast. *José* propón como equivalentes *Pepe* e mais *Xepe*, *Farruco* e *Fuco* para *Francisco*, ou *Chinto* para *Jacinto*, aínda que parece facer unha distinción entre *Xan* (equivalente a *Juan*) e o nome do santo, que é san *Xoán*. Estando a lingua galega asociada durante tanto tempo ao ámbito estritamente familiar ou rural, tampouco é de estrañar que estas formas, as usadas realmente pola xente, fosen consideradas as autenticamente galegas. Así o demostra Vicente Turnes, quen en 1846, no seu poema “Aos augustos desposorios de Isabel II e Luísa Fernanda de Borbón”, chámalle *Sabela* e *Sabeliña* á raíña, e ao seu desposado, *Farruco de Borbón* ou *Farruco de Asís* (Dobarro Paz 2000). E aínda antes, nos poemas das *Fiestas Minervales* (1697: 47), Joseph Guerrero Lasso de la Vega chámalle *dona Sabel* á raíña católica.

<sup>1</sup> Do gr ὑποχորιστικος ‘acariciativo’, ‘diminutivo’, derivado de ὑποχորίζεσθαι ‘falar á maneira dos nenos’, ‘chamar con diminutivos ou expresións cariñosas’, e este de χόρη ‘nena’ (DCECH s.v.).

Esta perspectiva, que xa foi corrixida nos últimos tempos, ao conseguir a lingua outros ámbitos e outros usos, mantívose, porén, nalgúns casos: hoxe está moi estendida a crenza de que *Catuxa* ou *Sabela* son as formas galegas estándares<sup>2</sup>, como tamén o entendía Saco (1868: 235), aínda que en orixe son as formacións hipocorísticas de *Catarina* e *Isabel*, respectivamente. A máis antiga mención de *Catuxa* localizada ata agora, en 1756, dá luz ao respecto: o cura de Fruíme dedicáballe a “D<sup>a</sup> Catalina Garinverti y Cárdenas” un poema onde lle chamaba *Catuxiña*, con ocasión do seu santo: “Dios che dè por muitos anos / os días da túa santa / miña santa Cataliña” (Pardo de Neyra 2002: 170); daquela, usa unha forma en castelán, *Catalina*, unha galega, posiblemente considerada hipocorística, *Catuxa*, e outra, tamén galega, como nome da santa, *Cataliña*<sup>3</sup>. En realidade, a mudanza da consideración sociolingüística de certas formas non é un fenómeno estraño: é relativamente frecuente a conversión de hipocorísticos en nomes “formais”, isto é, aptos para o rexistro civil, e, de feito, constitúe unha das maneiras actuais de renovar o corpus onomástico (véxase, por exemplo, DNG 1992: 31 e Boullón Agrelo 2007: 106).

## 2. Dificultades metodolóxicas para o estudo dos hipocorísticos

O carácter non oficial destas formas dificulta en boa medida a súa colleita, pois non se consignan nos catastros antigos, nos censos oficiais das oficinas de estatística nin nas guías telefónicas, por citar algúns lugares usuais de recompilación de datos antroponímicos. Cómpre recorrer, logo, a fontes indirectas, que se detallan na relación bibliográfica final. En primeiro lugar, á literatura: para o séc. XVIII, é cita inexcusable Sarmiento (que nos ofrece unha relación dos nomes e hipocorísticos galegos que el consideraba máis representativos no seu *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*). No XIX, os textos das Tertulias ou Parolas<sup>4</sup>, as alusións feitas nas gramáticas decimonónicas (especialmente a de Saco (1868), pois Valladares reproduce practicamente as súas apreciacións) e mais outros textos literarios da época, como advertiu Fernández Salgado (no prelo):

<sup>2</sup> De feito, no Censo do Instituto Nacional de Estadística (Madrid) do ano 2001, hai 120 ocorrencias de *Catuxa* fronte a 114 de *Catarina* e 780 de *Catalina*; e 1.276 de *Sabela* fronte a 12.534 de *Isabel*. Non hai, porén, ningunha ocorrencia de *Farruco* –quizais moi asociado ao ámbito rural–, aínda que si 3 de *Fuco*. Tódolos datos onomásticos citados de aquí en diante están tirados das bases de datos da Sección de Onomástica do ILG.

<sup>3</sup> Esta variante está tamén documentada en textos medievais do s. XV, en DocDevOurense, CDRamirás, LNotasRianxo e CDNoia, se ben a maioritaria era *Catalina* (aínda que o grafema <n> podía nesta época tamén indicar nasal palatal, como é sabido); a forma con *r* documentámola só unha vez (*Katarina*, nun texto escrito en latín en CDRamirás). Ademais, *Cataliña* perviviu na toponimia e como advocación relixiosa: *Santa Cataliña* (Muros-C), *A Cataliña* (Salvaterra-P), *Santa Cataliña de Armada* (Santa Comba-C), *Santa Cateliña* (Cartelle-Ou).

<sup>4</sup> Moitos destes textos foron recollidos na colectánea *Prosa galega* da Universidade de Santiago (1976).

Fixemos un relato dos nomes dos personaxes que aparecen en 30 narracións dos 16 primeiros autores que figuran na colectánea dirixida por M. Hermida (2003) *Narradores ocasionais do século XIX (Relato breve)*, e estes son os resultados. Os nomes de home que aparecen en máis de dous personaxes, por orde e agrupados sen ter en conta o hipocorístico, son: *Farruco*, *Francisco* ou *Fuco* (que o levan 8 personaxes), *Pedro* ou *Perucho* (7 p.), *Pepe* ou *Xosé* (5 p.), *Antón* (5 p.), *Xan* (4 p.), *Caietano* ou *Queitano* (2 p.), *Bertoldo* (2 p.) e *Andrés* (2 p.); estraña que *Manuel* só sexa o nome dun personaxe. Entre as mulleres, os máis frecuentes son: *Marica* (nome de 6 personaxes), *Pepa* (4 p.), *Rosa* (2 p.) e *Xoana* (2 p.).

Como fontes modernas, acudimos ao espolio de varias obras de recollida da fala popular, coma *A nosa fala* e o *Cancioneiro popular*<sup>5</sup>. Despois, fóra de traballos de campo específicos (moi poucos deles publicados, salvo os de Iglesias González 2005, ou Hafner 2004, que só parcialmente se ocupa de Galicia), recollidas de alcumes (como as de Torres Regueiro / Cuns 1989; Santos Gayoso 2002), ou a relación do DNG (1992: 593-598), o lugar impreso onde se rexistran é nas necrolóxicas dos xornais, que son especialmente útiles, pois dan datos moi precisos (idade e mais lugar de residencia) e, ademais, con elas tense a constancia de seren efectivamente as formas que máis identificaban o finado no seu contorno, tendo a mesma funcionalidade cós alcumes.

Por outra banda, unha dificultade engadida, que se ten tamén con outras formas lingüísticas procedentes de rexistros coloquiais (como a fraseoloxía), é a de distinguir formas que proceden do castelán das xenuinamente galegas, pois moitas non se poden xebrar foneticamente (como *Lalo*, *Chencho*). Quizais se deba facer valer aquí o criterio cronolóxico, pois posiblemente as máis recentes se deban ao influxo do castelán. Por exemplo, os hipocorísticos tradicionais de *Francisco* en galego eran *Farruco*<sup>6</sup> e *Fuco* (e así aparecen nos textos decimonónicos); a forma *Paco*, se

<sup>5</sup> Os datos onomásticos desta fonte foron amablemente proporcionados por Antón Santamarina, a quen llo agradezo desde aquí.

<sup>6</sup> Pensado (1991) pensa que é de orixe castelá, por figurar desde 1791 nos dicionarios da Real Academia Española, aínda que a partir de 1852 veña coa marca “provincialismo de Asturias y Galicia”, e de que as atestacións máis antigas, que el mesmo proporciona, foron feitas por Fr. Pereira de Novais, “que escribe en Santiago entre 1662 e 1690”, quen explica que “oy en día estemos corrompendo el nombre de Francisco en Farruco y el de Fernando en Fernanduco”. Na Idade Media funcionaba unha forma moi semellante tamén como hipocorístico (*Stephanus Petri miles dictus Ferrucus* a.1253 CDOseira 704 = *Stevao Perez Ferruco* a.1298 CDOseira 1271), pero non correspondía a *Francisco*, porque este nome, se ben se documenta na Idade Media, por causa do santo de Asís (*Frâncisco* Lopez notario publico de Lugo a.1308 CDMaia 84, *Francisq<u>* Marino a.1422(or.) DocNoia 74nº35), acadou a súa popularidade grazas a Francisco Xavier (morto en 1522); de feito, no XVIII era o 2º nome máis popular en Galicia (véxase o cadro do punto 7). Actualmente tamén é voz común: “**farruco** -a *adx.* 1. Que manifiesta insolencia, arrogancia e atrevemento na maneira de comportarse ou pola actitude que adopta.

non era orixinariamente galega, adaptouse plenamente, como nos mostra o derivado *Pacucho*; porén, as formadas ca reduplicación da última sílaba, como *Quico* ou *Queco* parecen moito máis recentes, e aínda máis *Fran*, formada por apócope, procedemento fonético que nos últimos anos está suplantando os demais.

A secuencia cronolóxica que se seguiu aquí foi a de distinguir tres períodos, coincidentes coas tres etapas fundamentais que distinguimos na antroponimia galega: unha primeira de conformación, coincidente coa Idade Media; outra correspondente aos Séculos Escuros e que chega a finais do século XX, caracterizada pola intrusión do castelán e a forte influencia da Igrexa católica; e, finalmente, a terceira, que comeza a finais do séc. XX, tralo remate do franquismo, o cambio das leis e as mudanzas das condicións sociolóxicas. Desta maneira veranse as primeiras (e escasas) mostras de hipocorísticos nos primeiros textos; comprobárase que os procedementos de formación, xunto co sistema nominal, permaneceron case invariables nos séculos seguintes, e, finalmente, que non é ata final deste período (s. XX) cando se deron maiores cambios na elección de nomes e, por ende, tamén dos hipocorísticos.

### 3. As primeiras atestacións: os alcumes na Idade Media

Se ao principio apuntaba os problemas da recolleita actual dos hipocorísticos, estes problemas aumentan, lóxicamente, se o campo de estudo é a lingua medieval. Nestes casos, o único que podemos consignar é a constitución morfolóxica, é dicir, a presenza ou non de sufixos diminutivos. Xa teño dito (Boullón 1999: 69-71), que as máis antigas atestacións de segundos nomes, introducidos pola fórmula latina *cognomento*, estaban en bastantes ocasións constituídas por hipocorísticos, que se formaban de maneira semellante aos actuais: por aférese (exemplos a, b, c), sufixación (d, e), coa combinación de varios destes procedementos (f, g), con sufixos diminutivos a partir de nomes diferentes (h, i, j), ou por reduplicacións dunha sílaba (k); este parece ser o caso de *Pepe*, antigo nome medieval que aquí parece funcionar como hipocorístico de *Pedro* en dúas ocasións (l, m).

a) *Geldemiro* cognomento *Mira* a.918 TSobrado I 124,

b) *Segesinda* cognomento *Sinda* = *Segesinda* cognomento *Sindina* a.932 TCelanova 103

---

*Píxoseme farruco e tiven que ameazalo*. CF. *valente*. 2. Que se aferra con enerxía e empeño a unha idea ou a unha maneira de actuar, persistindo nesa actitude. *Como se poña farruca non hai quen lle faga cambiar de idea*. CF. *cazorro*, *obstinado* (máis culto), *teimoso*, *teimudo*, *testán*, *testudo*. 3. Que se mantén áxil, con saúde e con bo aspecto [persoa], mesmo a pesar da idade. *Está moi farruco para os anos que ten*. SIN. *rufo*. 4. Cheo de fachenda e con moita satisfacción de si mesmo. *Puxo o seu mellor traxe e saíu á rúa todo farruco*. SIN. *rufo*" (*Diccionario* da RAG, dispoñible en <http://www.edu.xunta.es/diccionarios>).

- c) *Belfonsus* cognomento *Fonsu* a.963 TSobrado I 119
- d) *Mariam* Cipriani *Mariolam* cognomento a.[1152] TSobrado I
- e) *Petrus* Stephani dictus *Perroch* a.1202 TSobrado II 409
- f) *Isilo* cognomento *Sisina* a.803 TSobrado I 110
- g) *Marinam* Froile de Balone cognomento *Riolam* a.1220 TSobrado II 358
- h) *Uistragildus* cognomento *Gotinus* a.842 TSobrado I 110
- i) *Guduildi* cognomento *Nunina* a.905 TSobrado I 98
- j) *Clixovara* cognomento *Gotina* a.963 TCelanova 140
- k) *Teodildi* cognomento *Titi* a.937 TCelanova 130
- l) *Pepi* = *Petrus* cognomento *Pepi* a.953 TCelanova 77
- m) *Petrus* cognomento *Pepi Arias* [notario] a.991 TCelanova 28

Cómpre ter en conta, no entanto, unha prevención sobre o valor destes sufixos, pois non temos constancia absoluta de que fosen afectivos. De feito, o sufixo *-inus* era usado, en época latina, con valor patronímico, e este valor aínda parece estar en uso nalgúns dos nosos exemplos medievais, tal como se ve en *Palumbina filia Pelagii Palumbo* (a.1190 TSobrado I 217). En todo caso, dado que a partir do século XI se xeneralizou o uso do patronímico, expresado ben polos sufixos propios (con fachuqa latinizante primeiro, *-iz*, *-ici*, *-izi*, *-it*, e finalmente coas formas romances *-ez* e *-es*), o sufixo *-inal-us* e outros máis (como *-ulal-us*, *-ellal-us*, *-olal-us*, *-ital-us*), foron habilitados para a formación de numerosos nomes de orixe case sempre latina. Nestes nomes, lexicalizados xa co sufixo integrado, xa non se pode advertir unha función hipocorística clara. Son formas como *Abbatinus*, *Guntinus*, *Avolinus*, *Seniorinus*, *Argentina*, *Godina*, *Flammula*, *Bonellus*, *Domnella*, *Auriolus*, *Pelagiolus*, *Piniolus*, *Raiola*, *Liliola*, *Grasiola*, *Bellita*, *Nunnita*, *Domnitus*, *Mellitus* (máis exemplos en Boullón 1999: 88-90). Na baixa Idade Media isto xa non se dá: a maior parte destes nomes mencionados deixan de estar de moda, e os nomes femininos que presentan a terminación *-iña* non o portan como sufixo, senón por evolución fonética: *Mariña* (< MARINA)<sup>7</sup>, *Esteveña* (< STEPHANIA), *Cataliña* (< EKATERINA: vid. nota 3) e *Martiña* (< MARTINA).

A devandita explicitación dos “cognomentos” case desapareceu dos documentos ao xeneralizárense os segundos nomes, na súa maior parte patronímicos. A partir daquela, apareceu a forma romance *dito* para ir seguida, normalmente, de alcumes, cun uso frecuente de sufixos diminutivos, habitualmente a partir de bases léxicas. O máis abundante, é, como é previsible, *-iñalo*, do que indico algúns exemplos ordenados cronoloxicamente:

<sup>7</sup> A explicación tradicional deste nome é a extensión do culto a santa Mariña de Antioquía, por volta do séc. VII (Piel 1949: 347), que deu lugar a 53 referencias toponímicas en Galicia, das que 12 son parroquias (*Nomenclátor de Galicia* 2003). Outra hipótese faíno hipocorístico de *María*.

Maria *Peq<ue>nina* a.1326 DocUnivSantiago 71 = Maria *P<e>l<a>s* dita  
*Peq<ue>nina* de Bemuiure a.1330 DocUnivSantiago 104  
*P<er>o Mōteyrriño* de Pumar de Rrioo a.1341(or.) DocNoia 15nº2  
*G<oçalv>o Caluíno* fferr<eyr>o a.1372(1414-1500) TBieitoSantiago 36  
Afonso Vidal dito *Fieytino* a.1394(or.) DocNoia 29nº12  
Rroy *Rroxiño* a.1446(or.) TBieitoSantiago 70  
Jua4 *Frāquiño* a.1448(or.) CDRamirás 572  
Johan *Patiño* a.1454 DocDevOurense 2, 62  
Martíño *Menyño* a.1454 DocDevOurense 2, 61  
Rroy *Mouriño* de S<an> Tome a.1457 LNotasRianxo 773

Hai tamén outros alcumes nos que se parece recoñecer outros sufixos diminutivos:

suf. *-elalo*: Eluyra Mourela a.1378 DocUnivSantiago 252; Costança Martina  
Minanguela a.1429 CDFerreira 194; Ynes Rugela a.1434 PadrónsOurenseXV  
48, Fernan Mourela a.1473 CDMondoñedo 384

suf. *-ucha*: Garcia Marucha a.1187 TSamos 370

suf. *-ete*: Petr<us> P<e>l<a>gij d<i>ct<us> Rebolete a.1326 DocUnivSantiago 71

En poucos casos este sufixo está engadido a nomes propios situados en segundo lugar na cadea onomástica:

Domingo Aluarino home de Joh<á>n Eanes de Padrõ a.1342(or.) DocNoia  
17nº4

Pero S<an>tiagujoño a.1457 LNotasRianxo 385

No seu traballo sobre o patronímico na baixa Idade Media, Diéguez (2000: 655) recolleu máis formas hipocorísticas, tiradas en parte de testamentos, e referidas a criados que son citados con esas formas diminutivas<sup>8</sup>:

Aldara: *Aldariña* a.[1480] PadrónsOurense 89

Afonso: *Afonsino* (1375 GH 81); *Afonsin* a.1427 DocUnivSantiago 305,  
*Alfonsjno* a.1457 LNotasRianxo 648.

*Albertina* de Canbeiro (1436 FU 305), *Albertina* (1402 FU 266); *Albertinna*  
(1433 FU 288); *Albertina* (1433 FU 289) [Non creo que sexan formas dimi-  
nutivas, como tamén dubida Diéguez, porque o feminino *Alberta* non se

<sup>8</sup> Escólmoas e ordénoas doutra forma, engadindo algúns exemplos máis (que se distinguen polo tipo de citación bibliográfica), e resaltando os sufixos en cursiva a primeira vez que aparecen. Os textos entre paréntese angulares (<>) indican cursiva no orixinal.

documenta na Idade Media, ao contrario ca *Alberte*, o que parece indicar que aquí o sufixo emprégase para formar a forma feminina].

Antonio: *Antoninho* Martinez clerigo (1374 TUI 89). “que provavelmente não terá sido verdadeiro diminutivo, mas a forma derivada de ANTONINUS”.

Bernaldo: manífico señor don V<er>naldino P<ere>z Sarmêto cõde de Riba d’ Abja a.1499 CDMaia 178.

Domingos: Domygos Estevez dicto *Myngachos* (1422 C.H.P., Chelas 189).

Fernando: *Fernandillo* (1287 VF1 29); *Fernandino* (1335 OS3 1578); *Fernandijño* a.1345(or.) DocNoia 18nº5, *Fernandyno* Ferreiro (1385 FU 250); *Fernandino* do Paaço (1402 FU 266).

Gomez: *Gomeziño* de Leiro (1506 MF 11).

Gonçaluo: *Gonçaluino* a.1361 CDRibadavia 69, *Gonçelino* Roiz (1470 VF2 353).

James: *Jamete* raçoeiro de Mendonede (1326 GH 71).

Johan: *Joanino* Dogresso a.1269 CDMaia 182; *Jaanino* clerigo de Toruëo a.1281 CDMaia 134, *Johanino*, ffillo de Ffernã Ioh<an>es a.1281 CDMaia 133; *Johãniño*, o almagime a.1310 CDMaia 85; *Joh<a>njno* pai de Johan de Vilachãã a.1332 DocUnivSantiago 123.

Lopo: *Lopillo* [irmán de Gil e Jacome, fillos de Vasco Lopes de Burgos e de Moor Peres], 1442 FU 322).

Maria: *Mariam* Cipriani cognomento *Mariolam* (a.[1152] TSobrado I); casam de Mariola (1221 RS 27); *Marica* Gomez (1435 DH1 10); *Maricas* do Barreyro (1435 DH1 10); *Maricas* (1434 FU 296).

Maior: *Mayoriña* (1427 FU 281).

Mendo: *Meendiño* (o trobador).

Paulo: *Paulucho* (1330 CM 779, 1333 CM 817) = Paulucum [reitor de Sª María de Viveiro] a. 1305 CDMondoñedo 98 = Paulucho a.1331 CDMondoñedo 131 = Paulucho coengo da yglesia de Mendonede a.1333 CDMondoñedo 133.

Pedro: *Gunzalvo Perrot*<sup>9</sup> a.[942-977] TCelanova 226, *Diego Perrote* a. 1329 CDMondoñedo 128, *Pedrote* (1424 VL 179), *Pedruchi*<sup>10</sup> petrarium a.[1152] TSobrado II 130, don *Pedrol* (1212 RA 7), *Pelagio Martini Pedrol* (1250 RA 78), *Pedrol Alfonsi* (1253 RA 102), *Pedrellyno* da Grova (1278 OS2 1124);

<sup>9</sup> Esta forma, documentada só nos tombos de Celanova e Sobrado (véxase Boullón 1999: 361), podería ser derivado de *Pierre* e proceder dunha forma do leste (Francia ou Cataluña), coma no fr. *Perrot* e *Pierrot*. Que ten relación con *Pedro* parece corroboralo a seguinte atestación: *Petrus Stephani dictus Perroch* a.1202 TSobrado II 409.

<sup>10</sup> Con respecto a esta forma hai varias hipóteses, desde ser o antecedente do hipocorístico *Perucho*, ata vir dun radical prerromano (véxase Boullón 1999: 350).



*Pedrucho* d-Alenparte (1279 OS2 1138); *Pedrocho* d-Alenparte (1279 OS2 1139); *Pedrelinno* do burgo (1287 Sobrado de Trives 15); Juan Perez chamado *Pedruxo* (1298 CM 393); *Perucho* criado de fernã sanches (?) (1479 DH1 11).

Sabastian: *Bastian* d'Ayaço, notario da Pobra do Deán de Santiago (que asina o documento como Sabastian d'Ayasio; doc. inédito de 1482, procedente do Arquivo Histórico Diocesano de Santiago).

Neste traballo ofrécense tamén outros datos interesantes sobre as motivacións do uso dos diminutivos, como na seguinte cita do *Livro de Linhagens* (Diéguez 2000: 656):

Este Rui Diaz d'Urroo, que ja dissemos, houve ãa filha de gaança em ãa molher filha d'algo, e havia nome dona Tareija Rodriguez, e chamarom-lhe por sobrenome, quando era moça, *Tereijinha*, porque bailava bem (LL 44 R 3).

Ou a cadea onomástica *Pedro Perez dicto Pedrinho* (1317 BM 20), localizada nun documento portugués (do Baixo Mondego), onde se ve claramente a substitución do nome no uso real polo seu diminutivo. Tamén achega o cambio nominal de *Lupi Petri de Costa* (1263 SCL 111), no mosteiro de San Clodio do Ribeiro, que aparece primeiramente nomeado como *Lupillus de Costa* (1214 SCL 25), o seu diminutivo latinizado, e mais tarde como *Lupillino de Costa* (1240 SCL 51) (Diéguez 2000: 142). Neste caso, prescídese do patronímico, demasiado corrente para ser identificativo (*Petri*), e recórrese aos diminutivos cos que debía ser coñecido no seu contorno familiar, así como ao designativo toponímico.

En definitiva, os datos que se poden inferir do sistema denominativo medieval a través dos documentos parecen apuntar a unha situación semellante á de hoxe: as formas hipocorísticas, afectivas, usábanse na intimidade familiar ou en situacións informais e poucas veces se reflectían nos rexistros escritos, a non ser que supuxesen unha identificación máis útil có propio nome sen os sufixos.

#### 4. Dos Séculos Escuros ao XIX

Como é ben sabido, a partir do séc. XVI desapareceu a lingua galega dos textos escritos. Iso non significa que os nomes persoais desaparecesen tamén da lingua oral, porque, se ben a castellanización dos documentos foi progresiva e case sistemática, na lingua falada a situación non foi a mesma. Sabémolo, naturalmente, por testemuños indirectos, pois, desde que no Concilio de Trento (1545) se dispuxo o rexistro sistemático dos nados, a lingua en que o fixo a Igrexa católica foi o castelán<sup>11</sup>, e así mesmo ocorreu nos catastros posteriores, feitos xa pola administración

<sup>11</sup> Véxase como exemplo abondo representativo o exhaustivo estudo feito por Lema (2006) para os nados na parroquia de Berdoias (Vimianzo-Co), desde 1607 ao ano 2000.

civil (pensemos nos Catastros de Ensenada, por exemplo, de finais do XVII). No entanto, os testemuños epistolares revélanos outra situación: na correspondencia privada do conde do Gondomar (1605) figuran as formas *Joaniña* e mais *Janiña* (Álvarez Blanco / Montederramo 2004); tamén nas cartas que o Padre Isla lle mandaba á súa irmá, a ilustrada María Francisca de Isla (entre 1755 e 1781), chamábase, entre outras formas cariñosas, *Marica* ou *Maruxiña*. E isto no que respecta ás clases superiores, porque as populares vivían a cotío (agás nos momentos do bautizo, do casamento ou do funeral) cunha forma galega, moitas veces coincidente cun hipocorístico. Recórdese, por exemplo, os nomes que Sarmiento lles daba aos protagonistas do seu *Coloquio*<sup>12</sup>, que constan sempre dunha forma galega e mais un designativo, habitualmente toponímico:

Perucho dos Merlos, Maruxa das Rulas, Xepiño da Fonte, Minguíña do Rego.	Roque de Beluso, Bastián do Castelo, Jhan de Figueirido, Mingos do Penedo.
Antón de Domayo Mamed de Salcedo Albertos de Coiro Macías de Hermelo	Lucía da Esculca, Thereixa do Cerro, Farruca da Braña, Marta dos Rexelos
Martiño dos Cobres, Bartolo do Teso, Bieito d'Ardán, Bras de Montezelo,	Andrea da Chauza, Thomasa d'Outeyro Catuxa do Mato, Mariña a do Cego.

El poeta Marcos da Portela

Ademais, para entrever a situación real cómpre ter en conta o testemuño da literatura, que nos informará a este respecto de forma máis real cós listados oficiais. No seu estudo sobre os nomes persoais en *Majina ou a filla espúrea*, Fernández Salgado (no prelo) comenta que

a forma galega do antropónimo era a comunmente utilizada entre os veciños da aldea; non obstante, a forma castelá era a que seguramente figuraba na súa partida de bautismo e a que se empregaba nos documentos oficiais (véxase o caso das cartas). Deste xeito, o nome patrimonial galego (*Caitán* ou *Bieito*) viñan sendo entendidos e empregados como unha especie de hipocorístico ou de forma familiar. De feito é significativo que tanto as de Sancti-Petri como Salvio cando traducen os nomes de *Cayetano* ou *Benito* os fan acompañar

<sup>12</sup> Cito pola edición facsímil (Sarmiento [1746]), modernizando a acentuación.

sempre de “señor”, porque á fin e ó cabo cómpre manter o trato cortés e nese caso non cabe o hipocorístico.

Se se comparan os hipocorísticos deste período e os do século XX, verase que coinciden en boa medida no que se refire ao tipo de procedementos (véxase o apéndice), excepto en dous aspectos. En primeiro lugar, as diferenzas derivadas da frecuencia dos nomes de que proceden, dado que, en xeral, os nomes máis frecuentes son os que máis hipocorísticos presentan. Por exemplo, *Domingo(s)*, o nº 6 no ránking no XVII<sup>13</sup>, presenta os hipocorísticos *Mingo*, *Mingos*, *Mingote*, *Mingacho* e mesmo o diminutivo *Minguíño*; en contraste, no século XX, en que baixou ao posto nº 61, xa só aparecen nunha fonte escrita as dúas primeiras; o feminino, que baixou desde o posto 7º ao 324, presentaba os hipocorísticos *Minga* e *Mingota* e maias diminutivas *Dominguíña* e *Minguíña* no XVII, mentres que no XX xa non atopamos ningunha. E *Bartolomeu*, que ocupa o posto 24 no ránking dos nomes máis frecuentes nestes séculos e ten os hipocorísticos *Bértolo*, *Bartolo*, *Bartoldo*, no XX baixou ao posto 823, só ten as dúas primeiras formas das citadas, e esas claramente en regresión.

En segundo lugar, hai algúns nomes, de parecida frecuencia, que só parcialmente coinciden nos hipocorísticos. O caso de *Antonio* é bastante curioso: nese período ocupa o nº 9, é dicir, bastante alto. No entanto, nas fontes escritas só se rexistra a forma acurtada *Antón* (que se identificaba coa galega: de feito, nos lugares oficiais como poden ser os Catastros non se rexistra nunca), mentres que no do séc. XX, onde consta coma o 3º en orde de frecuencia, ten 13 hipocorísticos distintos. O mesmo ocorre cos de *Xosefa* (que está case no mesmo posto nos dous períodos, 13º e 14º): de *Pepa* pásase a 13 formas máis. No que lle atinxe ao masculino, *Xosé*, ocorre que os hipocorísticos son distintos: documéntase desde o XVIII *Chisepe* e *Xepe* (co diminutivo *Xepiño*), onde está presente o *-p* final etimolóxico, a partir do cal se formaría, por reduplicación, o estendidísimo *Pepe* (véxase infra, nota 17). Ou o caso dos de *Xoaquín*, que, a pesar de baixar en frecuencia (do 11º ao 54), aumentou no número de hipocorísticos.

## 5. O corpus do séc. XX

A relación dos hipocorísticos compilada (reproducida en anexo) que, polas peculiaridades anteditas, non poderá ser exhaustiva, pero creo que si abondo representativa, inclúe preto de 430 formas, correspondentes a outros tantos nomes; non todas elas son distintas, porque unha mesma forma pode corresponder a nomes

<sup>13</sup> O ránking do séc. XVIII está realizado a partir dos datos do Catastro de Ensenada correspondentes a Santiago, Coruña, Tui e Cabanas. Con respecto á lista do século XX, os datos proceden do Censo de 2001, do INE. Véxase unha lista comparativa dos 20 nomes máis frecuentes no punto 7.

diferentes; e, á inversa, nalgúns dos nomes concéntrase unha gran variedade de formas (tales como *Manuel*, *Francisco*, *Antón*, *Carme*, *María*, *Xosé/Xosefa*). A razón é, obviamente, a gran frecuencia que eses nomes tiveron, que forzou os seus portadores a usaren formas diferentes para evitar a homonimia.




Gráfico 1. Vitalidade dos nomes con máis hipocorísticos no séc. XX (en porcentaxe).

Segundo os datos do censo do Instituto Nacional de Estatística (Madrid) correspondente a 2001, todos estes nomes están en regresión desde principios do século XX (salvo *Manuel*, que acadou o seu apoxeo en torno á metade do século), aínda que algúns deles, como *María* ou *Manuel*, experimentan un lixeiro repunte no primeiro ano do XXI, ou quizais sería máis axustado dicir un parón no descenso. Hoxe en día as tendencias onomásticas son distintas: hai novos nomes e moita maior variabilidade, isto é, menos concentración. Por iso, a concentración dos hipocorísticos por nome diminuíu, e tamén o tipo de procedementos empregado.

### 5.1. Características xerais do corpus

No que respecta ao número de sílabas e ao tipo de acentuación, dicía Boyd Bowman (1955: 346), referíndose ao español, que calquera que sexa o número de sílabas ou a acentuación do nome pleno, as formas hipocorísticas son case sempre de dúas sílabas e de acentuación grave. Non é exactamente así no caso do galego, aínda que é certo que os bisílabos predominan: a lonxitude máis habitual (nun 60%) é de dúas sílabas, algo máis ca nos nomes comúns (o que non é de estrañar porque, como veremos máis adiante, o acurtamento de sons é un dos procedementos favoritos para a súa formación), pero os trisílabos teñen unha presenza numérica importante (un 36%). Da mesma maneira que ocorre cos nomes propios

(Regueira 2007: 242), hai diferenzas xenéricas: os hipocorísticos femininos presentan máis proporción de nomes trisílabos cós dos homes; estes últimos aproxímanse máis á estrutura xeral dos substantivos na lingua común: a principal diferenza entre eles é unha maior proporción de nomes bisílabos nos hipocorísticos masculinos (65% fronte a 52%).




Gráfico 2. Lonxitude dos hipocorísticos (percentaxe)

Atendendo á acentuación, son maioritariamente graves (89%); os minoritarios agudos son monosílabos (*Che, Quín, Xan, Nes, Chon, Chus*), proceden de nomes así mesmo agudos (*Colás, Vitín, Xaquín*), portan o sufixo dialectal *-ín* no canto de *-iño* (*Pepín*), ou ben están formados por reduplicación (*Cheché, Teté, Loló, Totó*) ou por síncope de nomes compostos (*Anabel, Mariló, Marisé, Xelís, Chelís, Maribel, Marité*); estes dous últimos tipos parecen tamén procedementos máis modernos con respecto aos tradicionais. E, a diferenza dos nomes comúns e dos antropónimos, só se rexistra un esdrúxulo, *Bértolo*, o que significa un 0,2% (a porcentaxe respectiva nesos grupos de referencia é dun 4% e 5%: véxase Regueira 2006: 243).

En canto á distribución xenérica, é practicamente equitativa (48,5% os femininos, 51,5% os masculinos), o que parece discordar cos datos portugueses: “o uso actual [refírese a principios do XX] de hipocorísticos em pessoas adultas é todavia mais freqüente em mulheres do que em homes, porque o mimo que na primeira infancia era comum aos dois sexos ... desapareceu essencialmente no homem, depois que este se tornou adulto; só a mulher permanece terna e amenizada!” (Leite de Vasconcelos 1928: 492). O último comentario do sabio portugués está sen dúbida fóra do noso tempo, pero á parte da valoración, e polos datos que temos, non me

atrevería eu a asegurar que no século XX houbera en Galicia maior proporción de hipocorísticos femininos ca masculinos. Claro que, en realidade, temos menos datos de mulleres ca de homes, tradicionalmente, pois en tódalas instancias escritas estiveron infrarrepresentadas. O que mostran os datos aquí compilados é que o número de hipocorísticos é semellante para ámbolos sexos, cunha lixeira vantaxe para os homes.

Por outro lado, hai que indicar que a deturpación castelanizadora dos nomes propios chegou tamén, aínda que en pequena medida, aos hipocorísticos. Trátase fundamentalmente de formas que proceden de nomes que tiñan /x/ na súa forma oficial, castelanizada, evidentemente: *Genucha* < *Eugenia*, *Geluco*, *Gelucho* < *Ángel/Eulogio*, *Gina* < *Regina*. Nestes exemplos vese claramente que o que se fixo foi adaptar dous sons semellantes, o fricativo velar xordo castelán ao da gheada; polo demais, séguense os procedementos derivativos habituais. De feito, hai bases léxicas castelás ás que se lles aplica, sen máis, os procedementos morfolóxicos e fonéticos galegos, como en *Joseño*, *Josiño* ou *Juansiño*, neste último exemplo co interfixo habitual nos diminutivo rematado sen nasal, e pronunciado con seseo. Do sufixo *-ito* fálase especificamente máis adiante. En *Ligucho* < *Eligio*, parece haber unha mostra de gueada (a non ser que se pronuncie con gheada, asemellándose así máis ao nome castelán do que procede), como tamén hai mostras de gheada en *Justo* < *Agustín*.

Hai que considerar, de todos modos, que é moi difícil cuantificar a influencia dos hipocorísticos de orixe castelá no caso daqueles dos que non hai evidencias fonéticas de selo. É dicir, formas como *Chuchú*, *Chus*, *Quique*, *Teté*, non parecen axustarse ao sistema tradicional de formación en galego (como se detalla no capítulo seguinte), pero tampouco non presentan características fonéticas ou morfolóxicas alleas. Por tanto, coido que neste aspecto só se podería facer unha estimación aproximativa.

## 5.2. Procedementos de formación

Os traballos previos referidos á formación dos hipocorísticos en portugués (Leite de Vasconcelos 1926: 479-491), e en castelán (Boyd-Bowman 1955, Buesa 1988) coinciden en advertir diversas formas de redución de sílabas, o redobro ou duplicación de sílabas e a palatalización de certos sons, en proporcións disimilares (por exemplo, o redobro parece moito máis frecuente en portugués, e a palatalización en español). En xeral, a maior parte dos procedementos proceden da linguaxe infantil, e isto implica tamén unha certa asistematicidade. Por exemplo, estes principios poden ser aplicados a nomes distintos, de maneira que o mesmo hipocorístico pode responder a nomes cun parecido fonético distante, como *Lucho* (de nomes que conteñen *l*: *Emilio*, *Rafael*, *Anxelo*, *Lois*), *Chicha* (de nomes que teñen *í*: *Elisa*, *María*, *Rosalía*, ou non, como *Carme* ou *Concepción*), *Nuchol-a* (de

nomes con *n* na sílaba final, como *Marcelinol-a*, *Xoana*), *Dora* (de nomes que inclúen esta secuencia fonética, como *Dorotea*, *Adoración*, *Teodora*), *Tino* (acurtamento de nomes rematados así, como *Constantino* ou *Florentino*). E outros, os máis expresivos, xa constitúen denominacións hipocorísticas autónomas, que se recoñecen como tales e valen para calquera nome: *Pitusa* (de *Pilar* ou de *Xosefa*), *Chicho* (de *Narciso*, *Ricardo*, *Román*, *Perfecto*), *Cholo* (de *Andrés*, *Eliseu*, *Henrique*, *Manuel*, *Gonzalo*, *Xosé Luís*).

Os procedementos de formación dos hipocorísticos adoitan presentarse combinados: aférese + sufixo, apócope + morfema xenérico, palatalizacións etc. En realidade, só un 26% dos analizados presentan un único fenómeno fonético ou morfolóxico. Tendo isto en conta, aludirei aos máis frecuentes: a supresión de sons, principalmente a aférese (57%), e en moito menor grao a apócope (9%) e a síncope (9%), por veces en combinación. Despois, a adxunción de sufixos (43%), case todos eles propiamente antroponímicos. En terceiro lugar, o uso de sons palatais, que afecta o 38% das formas, e que se dá (especialmente con /tʃ/), moitas veces en sufixos (o 46,5% deles lévanos), pero tamén no 17% das formas non sufixadas. Por último, outros procedementos constátanse con porcentaxes inferiores ao 15% (monotongacións, reduplicacións, adxunción dun morfema xenérico e algún outro).

### 5.2.1. Supresión de sons

Os tres procesos de recorte de sons afectan de maneira diversa ás raíces dos hipocorísticos, e en conxunto fano nun 82%. Iso non significa que a lonxitude final do hipocorístico sexa menor na mesma proporción cós nomes dos que derivan, pois estes procesos están en moitas ocasión combinados co agregado de sufixos. Así, os que presentan diminución con respecto á raíz son maioría, un 64%, pero hai uns cuantos que a incrementan (8%), e os restantes mantéñense coa mesma lonxitude (28%).

Coma en castelán ou catalán (véxase Garcia i Osuna 2003: 362), o procedemento da aférese da sílaba inicial (ou de máis dunha) é o maioritario dos que supón acurtamento silábico, aínda que só o 11% o presentan como exclusivo (*Nando*, *Fonso*, *Sefa*...); na maior parte dos casos está ligado a outro, como pode ser a inclusión do *ch* (*Chefa* < *Xosefa*, *Chon* < *Asunción*), o engadido dun sufixo (*Ducho* < *Cándido*, *Xelucu* < *Anxela*, *Mela* < *Carmela* < *Carme*) ou outros. En ocasións só resta a sílaba tónica do nome orixinal (*Tocho* < *Antonio*), ou a final (*Tocho* < *Benito*), e ao engadirle un sufixo pode subsistir unicamente a consoante, coma en *Tuchalo*, *Luchalo* (< *Emilia* ou *Rafael*). Téñase en conta que en antroponimia é especialmente frecuente o que en derivación se chama substitución de prefixo ou truncamento (así en *Matuca* < *Matilde*, *Educho* < *Eduardo*, *Vitolo* < *Vítor*), o que no noso corpus ocorre nun 8,5%; agora ben, en ocasións, o segmento substituído non é un

sufixo, senón outra secuencia non exactamente recoñecible como tal (como en *Concepción* < *Concha*, *Mercedes* < *Merche*), aínda que recorde foneticamente aos sufixos: “La charge sémantique réduite du NP semble permettre la réduction du corps phonique dans une mesure qui, pour un lexème, mettrait en danger l’intelligibilité” (Weinhold 2007: 117).

O acurtamento de sons é o procedemento preferido polos nomes compostos, e entre eles o máis frecuente é a síncope: de considerar os dous nomes como unha entidade fonética, redúcese o final de un maillo principio do outro (*Maloles* < *María Dolores*, *Maribel* < *María Isabel*), por veces coa única conservación da sílaba tónica: *Mariló* < *María Dolores*. A apócope é numericamente semellante (*Encarna* < *Encarnación*, *Reme* < *Remedios*), e pode incluír a presenza dun morfema xenérico que antes non había (*Xanxo* < *Xan Xosé*, *PuralPorfica* < *Purificación*).

### 5.2.2. Adxunción de sufixos

Os sufixos que aparecen na formación dos hipocorísticos son os diminutivos, usados co seu propio valor (pois aplícanse, en principio, aos nenos pequenos), e cunha forte carga afectiva, matices ámbolos dous que comparten na lingua xeral, se ben nos antropónimos están desprovistos da carga depreciativa que si teñen na lingua común. E non sendo o sufixo *-iño*, os outros son practicamente improditivos (Freixeiro Mato 1996: 50); o único ámbito en que se seguen mostrando autenticamente rendibles é, xustamente, no da onomástica.

Os sufixos máis frecuentes son os que teñen *u* como vogal tónica (presente no 56% das formas sufixadas, repartidos entre os sufixos *-uchalo*, *-ucalo*, *-uxa*, *-usa*, *-ulo*), seguidos a moita distancia dos que teñen *i* (21%: *-iñalo*, *-italo*, *ica*), *o* (15%: *-ochalo*, *-olo*, *-ocas*, *-olas*, *-ote*), *e* (8%: *-echo*, *-eco*, *-ela*) e só dous con *a* (*-ach-o*). A frecuencia dos sufixos en *u* posiblemente se deba a que esta é a vogal menos frecuente na lingua común (Regueira 1989: 127-128), a mesma razón pola que tamén abundan os sufixos coa consoante *tʃ*, que supoñen o 46% do total. Como xa observou Buesa (1988: 1619) para o español, ao estaren moi escasamente representados na escala de frecuencias, estes sons “adquieren un valor intencional marcadamente expresivo o fonosimbólico”. En principio, os sufixos con *u* na lingua común teñen un valor pexorativo (Alonso Núñez 2000: 149), pero aplicados aos nomes adquiren un matiz diminutivo e afectivo.

Amáis da clasificación por vogal, podemos ver tamén algunhas series consonánticas: *-ach-l-ech-l-och-l-uch-*, *-ec-l-oc-l-uc-*, *-el-l-ol-*; en realidade, tense dito que un modo de multiplicar os sufixos é alterar a súa vogal tónica xerando gamas vocálicas (Michaëlis de Vasconcelos 1946: 77-78, apud Alonso Núñez 2000: 151). Por iso a orixe etimolóxica de moitos deles non está clara, pois, amáis da súa procedencia case sempre latina, puideron ir sendo xerados por este procedemento. Por



último, é remarcable a combinación de varios sufixos: *Pepitiña*, *Maruxela*, *Lucha* (< *Carmelucha*) e a posibilidade de xuntar distintos sufixos ao mesmo nome: *Xoaquina* > *Nocha*, *Nucha*.




Gráfico 3. Porcentaxe de uso dos principais sufixos hipocorísticos

**5.2.2.1.** *-uch-alo* (< lat. -usco + ULU) é o máis empregado dos sufixos, pois aparece en 62 hipocorísticos (o 34% de tódalas formas con sufixo). Na lingua común parece ser empregado especificamente con valor pexorativo (*leirucha*, *casucha*, *tenducha*), segundo García de Diego (apud Freixeiro Mato 1996: 55), pero nos nomes é fundamentalmente afectivo: *Carmucha*, *Luchalo*, *Nuchalo*, *Tucho* (< *Antonio*), *Pacucho* (< *Paco*), *Carducho* ou *Ricucho* (< *Ricardo*), *Filucha* (< *Filomena*), etc. Hai antecedentes medievais: *Pedrucho* en 1279, *Paulucho* en 1305, *Perucho* en 1479, e tal vez antes, xa no XII (véxase supra, cap. 3 e nota 10). En catalán, *-utxo* (*Perutxo*) é sufixo considerado variante de *-ussa* e *-assa*, tamén aumentativo e despectivo (García i Osuna 2003: 336).

**5.2.2.2.** *-uc-alo* (“probábel var. de *-ico*” para Ferreiro 1997: 191) está en 34 hipocorísticos, máis en femininos (*Beluca* < *Isabel*, *Teruca*, *Uca* < *Maúca* < *María*, *Miluca*, *Lenuca* < *Helena*), ca nos masculinos (*Farruco*, *Fuco*, *Vituco* < *Vítor* ou *Vicente*; en *Chuco* < *Francisco* pode haber unha metátese a partir de *-ucho*, a través de *Franciscucho*), nunha proporción de 24 a 10. Na lingua común rexístrase como bastante rendible, pois aparece, normalmente con valor despectivo, en *baratuco*, *casuco*, *delgaduco*, *mulleruca*, *fachuco* ou tamén afectivo, coma tal, en *fesluca*, *feituco* (véxase Freixeiro Mato 1996: 56).

**5.2.2.3.** *-ux-a* (“podería constituír unha variación de *-uco* con influxo de *-exo* [do esp. *-ejo*]” Ferreiro 1997: 191) rexístrase en dous nomes femininos, de moi alta

rendibilidade (*Maruxa* e un seu derivado, *Maruxela*, e en *Catuxa*) e mais en *Peruxo* (en *Xuxo* non hai sufixo, pois é palatalización do *s* orixinario). Estes exemplos femininos son os citados nas gramáticas que tratan o sufixo, onde se lle dá valor diminutivo, como en *cabuxa*, *babuxa* ‘néboa’ (en ambos os dous casos xa lexicalizado), *airuxo*, e tamén en bases adxectivas: *branduxo*, *calmuxo*, *pequenuxo* (véxase Freixeiro Mato 1996: 57). Porén, a súa produtividade moderna ten sido posta en cuestión (Alonso Núñez 2000: 151). Para o antecedente medieval citado no cap. 3, *Pedruco* (a.1298), hai problemas de transmisión textual, porque o testemuño está tomado dunha rexesta feita en castelán a partir non dun documento orixinal, senón dun tomo (véxase CM, nas fontes medievais).

**5.2.2.4.** *-us-a*. Esta terminación non a atopamos nas descrições gramaticais galegas. No corpus manexado aparece só en *Matusa* (< *Matilde*) e mais en *Pitusa*, correspondendo a dous nomes distintos, *Pilar* e *Josefa*; aquí en realidade é difícil decidir se se trata realmente dun sufixo, porque, se ben nun caso hai unha certa similitude fonética (*Pilar*), no outro semella totalmente arbitrario, porque con *Josefa* apenas hai ningún tipo de concomitancia. En catalán, *-ussa* (< -ŪCEA), úsase nos alcumes con valor pexorativo: *Carusso*, *Pelusso*, *Pallús*, *Pallusa*, *Parrús*, *Parrusa* (García i Osuna 335).

**5.2.2.5.** *-ul-o*: só en *Panchulo* (< *Pancho* < *Francisco*) e mais en *Martula*. Tampouco se rexistra nos repertorios de sufixos; no primeiro caso pode non ser máis ca un xogo co adxectivo “chulo”, que cadra ben coa base léxica e recorda aos sufixos con vogal tónica en *u*, pero no segundo é claramente un sufixo, a partir de *Marta*.

**5.2.2.6.** *-och-alo*: interpretado como variante alomórfica de *-echo* (véxase infra) e en certa medida de *-ucho* (véxase Ferreiro 1997: 188), é considerado ‘raro’ en portugués e incluído entre os diminutivos con matiz afectivo, aplicado fundamentalmente a adxectivos, como *delgadocho*, *grandocho*, *pequenocho* (véxase Freixeiro Mato 1996: 55). Hai un posible antecedente medieval, *Pedrocho*, en 1279 (véxase cap. 3). Nos hipocorísticos aparece en 13 formas (un 7%), repartidas case equitativamente entre masculinos e femininos: *Pilocha*, *Nocha*, *Marinocha*, *Quinocha/Tocho*, *Locho*, *Cardocho* e *Vitocho*.

**5.2.2.7.** *-ol-alo* (lt. -ŎLUS, por vía erudita, que pasou de átono a tónico), ten na lingua común un leve valor depreciativo, con fortes connotacións de rexistro familiar e coloquial: *merendola*, *paiolo*, *pedrolo*, *rapazolo*, *barrigola*..., e lexicalizacións, como *cabezolo*, *cachola*, *ferreirolo* (véxase Ferreiro 1997: 187). É sufixo case exclusivamente aplicado a nomes masculinos (*Cholo* < *Xosé Luís*, *Fincholo*, *Vitolo*,

*Tiñolo* < *Martiño*, *Carolo* < *Carlos*, *Xanzolo*), pois só o rexistramos nun feminino (*Quinola*). Non incluímos aquí o moi abundante *Manolo/Manola*, pois neles hai monotongación e remate cun morfema xenérico, *-o* ou *-a*, aínda que si debeu influír a analoxía cos portadores deste sufixo.

Unha variante deste sufixo debe ser a terminación *-olas*, para o masculino, que aparece en *Andolas* (< *Antonio*), *Cholas* (< *Vicente*) e *Xanzolas* (< *Xan*, co mesmo interfixo do diminutivo *Xanciño*). Este *-s* final vese tamén nalgúns dos hipocorísticos da Idade Media: *Maricas*, *Myngachos* (véxase supra, cap. 3).

**5.2.2.8. -ocas.** Posiblemente sexa a mesma variante en *-as* co devandito sufixo *-olas*, que tamén está en *-icas* (*choromicas*, *mexericas*, *acusicas*, *merdicas*), a partir do sufixo *-oco* (*bichoco*, *paifoco*, *pailaroco*, *vinchoca*) de claro valor despectivo en orixe (véxase Ferreiro 1997: 196). No corpus empregado só está no masc. *Xanocas*; en *Xocas* só é segmentable *-as*, pois o *-k-* pertence á raíz (*Xoaquín*).

**5.2.2.9. -ot-ale.** Probablemente de orixe francesa, tiña un valor orixinariamente diminutivo e despois aumentativo, quizais pola vogal posterior media aberta (Alonso Núñez 2000: 151). Ten antecedentes medievais que parecen apoiar a orixe francesa (*Perrot*, no séc. X; tamén *Pedrote* en 1424: véxase supra) Aínda que é bastante produtivo na lingua común cun matiz aumentativo e despectivo (cf. *gordote*, *pingota*, *pipote*, *rapazote*, *vellote*...), como hipocorístico só o rexistro en *Pepote* e en *Mingote* (no XVIII-XIX tamén había *Mingota*), procedentes de nomes de tal frecuencia que teñen unha chea de derivacións, mesmo algunha, coma esta, que non é común noutros hipocorísticos.

**5.2.2.10. ech-o** (<lt. *-esco* + *ŪLU*). No corpus hai oito hipocorísticos, e, excepto *Checha* (< *Xosefa*), todos eles masculinos: *Tonecho*, *ManecholMaecho* (< *Manuel*), *Cochecho* (< *Xosé Manuel*), *Gorecho* (< *Goro* < *Gregorio*), *Necho* (< *Andrés*), *Josecho*. Na lingua común foi relativamente rendible sobre bases substantivas e adxectivas: *cornecho*, *rabecho*, *gordecho* (véxase Freixeiro Mato 1996: 55).

**5.2.2.11. -ec-o.** Presente en escasos substantivos con matiz despectivo como *libreco*, *soneca*, *burreco*, na lingua común é improdutivo con trazo [+ humano] (Alonso Núñez 2000: 151), e, nembargantes, no corpus hai dous hipocorísticos masculinos: *Neco* (< *Valentín*) e *Toneco*, un dos poucos comúns cos sufixos hipocorísticos do portugués (véxase Leite de Vasconcelos 1927: 457).

**5.2.2.12. -el-a** (< lat. *ĒLLUS*). Este sufixo xa no séc. XIII deixara de ser rendible como diminutivo, pola compentencia de *-iño* (Alonso Núñez 2000:146-7). De feito, as palabras que o levan están lexicalizadas, e se ben nalgúnhas aínda se per-

cibe o matiz diminutivo, por comparalas coa base (*campelo, portela, ruela, soute-lo...*), noutras non (*cachelo, codelo, mantelo, rodela*), e todas elas admiten perfectamente o diminutivo en *-iño*. Unicamente pode considerarse produtivas as formas nominais de base verbal en *-dela* (*apalpadela, comedela, mordedela*: véxase Freixeiro Mato 1996: 50-1). Posiblemente a súa vitalidade na antroponimia vén da popularidade de *Carmela*, onde, se ben hoxe se sente como diminutivo de *Carme*, na realidade está na orixe etimolóxica: o topónimo *Carmelus* en lat., *Kármelos* en grego, e estes do hebreo *Karmel* ‘xardín’ (DNG s.v.); o nome estandarizouse en *Carme* (port. *Carmo*, cast. *Carmen*), e *Carmela* foi considerado variante hipocóristica; na antroponimia, amais desta, aparece *Lucha* e *Mela* (as dúas formas apocopadas de *Carmela*), *Maruxela* e *Terela* (nestes dous últimos casos probablemente por analogía con *Carmela*). En *Lela*, *Nela* e *Nelo* non hai sufixo, pois é aférese de *Manuela* e *Manuel*, respectivamente, con monotongación e, no primeiro caso, reduplicación da consoante da última sílaba; en *Nelo*, ademais, engádese un morfema para indicar o xénero, igual ca en *Sabela* (< *Isabel*).

**5.2.2.13.** *-iñ-alo* < lat. *-ĪNUS*: é o sufixo máis vizoso e produtivo de todos cantos expresan a diminución e a afectividade (véxase un amplo tratado sobre el en Freixeiro Mato 1996: 63-117), de maneira que calquera das formacións anteditas é susceptible de admitilo. Tamén se atesta con frecuencia nas formas medievais (*Afonsino, Fernandijño, Gonçaluino, Johanino, Meendiño, Aldariña, Mayoriña*, véxase supra, cap. 3). Aquí procurei incluír só os que alcanzaron substantividade, isto é, os que funcionan plena e exclusivamente como designadores da persoa; acadan en conxunto un 8%. En tal caso están algúns nomes femininos tan frecuentes que admiten practicamente tódalas posibilidades de sufixación para evitar homonimias: *Carmiña, Mariquiña* e *Pepitiña*, estes dous últimos con acumulación de sufixos. Nos masculinos, aparece o propio sufixo, *Iño*, como hipocóristico de dous nomes distintos (*Luís* e *Darío*), *Siño* (< *Celso*), e dous derivados en última instancia de *Xosé*: *Cheíño* e *Piño* (este a través de *Pepe*). Debemos consignar aquí a solución dialectal alternativa a *-iño*, *-ín*, como en *Pepín*, que se documenta dialectalmente en falas do leste de Lugo e no galego de Asturias e do Bierzo.

**5.2.2.14.** *-it-alo* (< *-ITUS*, de orixe controvertida: véxase Alonso Núñez 2000: 166). É o sufixo diminutivo por excelencia do español (e, despois de *-iño*, tamén do portugués). En galego existe lexicalizado en *cabrito*, e tamén se rexistra como diminutivo con certa rendibilidade nalgúns áreas (concretamente, en Castrelo do Val: véxase Alonso Núñez 2000: 166). Documentábase só con valor antroponímico con certa frecuencia en Galicia (no noso corpus, cun 11,5%: en *Pepito, Pepita* e *Pepitiña*, amais de *Sito* e *Josito* < *Xosé*, *Nito* < *Laureano*, *Tito*, que vale para moi diversos nomes, como *Antón, Lourenzo, Ricardo...*, ou *Marita* para os que comezan por *María* etc.), vitalidade que pode explicarse pola interferencia do castelán, sobre todo tendo en

conta que se rexistran sobre todo no séc. XX. Porén, quizais non sexa casual que unha das hipóteses máis defendibles sobre a súa orixe, a de Diez, que postula unha orixe xermánica, o faga principiar polos nomes propios (apud Alonso Núñez 2000: 166), pois en galego o común é rexistralo soamente en nomes propios, non na súa función diminutiva nos nomes comúns, onde *-iño* non ten competencia<sup>14</sup>.

**5.2.2.15.** *-ic-alo* (<ICCUS). Con certa produtividade nalgunhas áreas dialectais, documéntase ademais na toponimia da área oriental da provincia de Ourense e zonas limítrofes; en portugués e en castelán tamén se considera dialectal. A súa orixe podería estar nalgúns nomes propios non latinos, especialmente de mulleres (Alonso Núñez 2000: 164). Como antropónimo rexistrámolo en *Toñico* e *Perico*, formas en regresión<sup>15</sup>, e mais no feminino *Marica*, xa case desusado (aínda que documentado desde a Idade Media, como vimos arriba): empregado por Rosalía xunto co seu derivado *Mariquiña* (Freixeiro Mato 1996: 126), rexístrase no *Cancioneiro popular*, e no TILGa aparece como nome propio só na década de 1930; a especialización semántica que adquiriu a palabra, utilizada como voz despectiva para ‘homosexual’, é un poderoso impedimento para continuar servindo como diminutivo afectuoso.

**5.2.2.16.** *-ach-o* (lat. -ACŪLU en combinación con *-asco* ou deformación do aumentativo *-azo* (véxase Ferreiro 1997: 193), presente na lingua desde a época medieval, ten valor fundamentalmente pexorativo (como en *ricacho*, *covacha*), pero tamén diminutivo (*regacho*, *anguicho*). Non é considerado como diminutivo produtivo no galego actual, senón cun valor despectivo (Alonso Núñez 2000: 156). A forma *Mingacho*, unha das escasas con antecedentes documentados na Idade Media (en 1422, véxase supra, cap. 3), procede do cancionero de Pérez Ballesteros, datado en 1885 (véxase Sánchez Rei 2006). En *Pacho* (< *Plácido*) pode recoñecerse este sufixo, aínda que tamén se pode interpretar como un caso de truncamento, semellante ao de *Concha* (< *Concepción*).

### 5.2.3. Uso de consoantes palatais: /tʃ/, /ʃ/, /ɲ/

**5.2.3.1.** Xa vimos nos sufixos antroponímicos que os máis abundantes son os que teñen *ch*, por mor da escaseza desta consoante na lingua común. Fóra da súa presenza neles, este son aparece no 15,5% dos hipocorísticos, tanto en posición inicial

<sup>14</sup> Algo semellante pasa en catalán: rexístrase o castelanismo *-ito* como sufixo hipocorístico (*Pedrito*, *Juanito*, *Pepito* etc.: García i Osuna 2003: 332), e no castelán de Zaragoza, onde o sufixo habitual na lingua común é *-ico*, para o que “debió influir el prestigio de la lengua nacional” (Buesa 1988: 1620).

<sup>15</sup> Só as atestamos no *Cancioneiro popular*; *Perico*, ademais, úsano o Padre Isla nas súas cartas (escritas en castelán) e Cunqueiro na *Escola de menciñeiros* (dato que agradezo a M<sup>a</sup> Xesús Nogueira).

(como palatalización de sibilante + i,e,a: *Che/Cheño/Chelís/Cheto* < *Xosé, Chenchao* < *Inocencia/o, Chicho* < *Francisco, Chinto* < *Xacinto, Chefa* < *Xosefa, Chente* < *Vicente, Chalo* < *Gonzalo, Chano* < *Luciano, Chon/Chona* < *Asunción, Chelo* < *Consuelo, Rosalía* > *Chelía*, ou doutras consoantes: *Chelipe* < *Felipe, Charal/Charo* < *Rosario, tj: Santiago* > *Chago*), como medial (*Machuca, Merche, Pancho*), ou engadida á última sílaba do nome orixinario: *Fincholo, Moncho* (para este último, como para *Menchu*, tense proposto unha orixe vasca). Tamén pode aparecer repetida nas dúas sílabas, o que aumenta o seu carácter expresivo: *Chenchao, Chicha/o, Chinchá, Choncha, Chucho, Chuchú, Chuchi*. E, finalmente, nalgúns a motivación fonética apenas se albisca, tal é a distancia que hai entre nome orixinal e hipocorístico: *Cholo* < *Andrés/Eliseu/Henrique/Gonzalo, Cholas* < *Vicente, Chiruca* < *Mercedes*.

**5.2.3.2.** A mesma intencionalidade expresiva ten a palatalización en /j/, moito menos frecuente (un 1,5%), seguramente por ser un son moito máis habitual na lingua común: de aí temos *Xenxa/o* < *Inocencia/o, Xonxa* < *Asunción, Xabela* < *Isabel, Xuxo* < *Suso*, e, sen motivación fonética aparente, *Xoxardo* < *Leonardo*.

**5.2.3.3.** En canto á nasal palatal, só aparece no sufixo *-iño* e en *Toño*, como palatalización normal do grupo *nj*. E, por último, tamén cabería mencionar a palatalización en /ʃ/ procedente do grupo *rj* que se dá na forma castelá *Toya*.

## 5.2.4. Outros procedementos

**5.2.4.1.** A monotongación (11%) aparece cando no nome orixinal hai un ditongo crecente: *ia* > *a* (*Mila, Tila* < *Otilia, Tona, Totorá*), *io* > *o* (*Goro, Telo* < *Eleuterio, Tono*), *ue* > *e/o* (*Chelo, Nelalo; Manolalo*), *oa* > *ua* > *alo* (*Xan, Xaquín, Xaquina; Xocas, Xoquín*). Ao seren ditongos de pouco rendemento na lingua, a linguaxe infantil tende a simplificalos.

**5.2.4.2.** En casos en que o nome orixinal carece dun morfema xenérico, engádeselle no hipocorístico (11%): é o que ocorre cos abundantes marianos en *-ción* (*Chicha* < *Concepción, Chinchá* < *Encarnación, Chona* < *Asunción, Concha* < *Concepción, PuralPorfica* < *Purificación*), ou con outros femininos non rematados en *-a*, como *Tilda* < *Matilde, Trina* < *Trinidad, Sabela* < *Isabel, Chara* < *Rosario, Pilara* < *Pilar, Lola* < *Dolores*; ou masculinos non rematados en *-o*: *Manolo/Lolo/Nelo* < *Manuel, SesolPucho* < *Xosé, Felo* < *Rafael, Rico/Queco* < *Henrique, Susol/Chucho* < *Xesús*, ou *Quino* < *Xoaquín*. Pero se lle engadimos aquí os casos en que o morfema xenérico é engadido co sufixo a nomes que non presentan orixinariamente remate en *-o* ou *-a* (*Lucha* < *Carme* etc.), a porcentaxe elé-

vase ao 65%, co cal dá a impresión de que á hora de formar os hipocorísticos se ten ben presente a distinción xenérica<sup>16</sup>.

**5.2.4.3.** As reduplicacións, típico recurso da linguaxe infantil, constitúen un procedemento non demasiado rendible (6,5%), ao contrario do que ocorre en portugués: de feito, Leite de Vasconcelos (1926: 485-489) dedícalle, pola súa importancia, un capítulo enteiro. Ademais, á vista dos casos en que aparece, semella bastante recente, pois a maior parte dos referidos son formas modernas, non tradicionais: reduplicación da sílaba tónica (*Lolól/Lola* < *Dolores*, *Totó* < *Antonio*, *Totora* < *Vitoria*, *Seso* < *Xosé*, *Sesa* < *Xosefa*), da primeira sílaba (*Teté* < *Tereixa*), baseándose na consoante da última sílaba (*Fefa* < *Xosefa*, *Lela* < *Manuela*, *Quique*, *Quico*, *Queco*), ou con *ch* (*Cheché*, *Chuchú*). O caso do abundantísimo *Pepe* (que deu lugar a moitos derivados e mais á forma feminina) é máis problemático, pois a súa orixe é discutida: podería vir do *-p* final dunha forma catalá *Josep* ou italiana *Gioseppe*, con redobro, ou, máis probablemente, “da duplicación do tema tónico *-ep*, forma antiga por perda da aspiración en *Joseph*” (DNG s.v. *Xosé*)<sup>17</sup>.

**5.2.4.4.** Algunhas deformacións veñen dadas claramente por simplificacións de grupos consonánticos, normalmente con *r*, derivadas das dificultades dos nenos para aprender a articularlos: *Menani* < *M<sup>a</sup> Carme*, *Lalo* < *Bernardo/Hilario*. Rexístrase algunha metátese, como en *Pacucho* > *Pachuco*, *Chuco*.

**5.2.4.5.** Por último, hai algúns hipocorísticos que desde o punto de vista fonético non teñen nada que ver (ou apenas) co nome do que proceden. Poden ser motivados para outros nomes, pero aquí parecen totalmente arbitrarios. Nestes casos o seu uso está máis próximo aos alcumes (e, por tanto, a súa motivación pode ser calquera) cá das formacións hipocorísticas habituais: así *Chelo* de *Natividad*, *Cholo* de *Gonzalo*, *Henrique* e *Eliseu*; *Suso* de *Evaristo*, *Pilucha* de *Angustias*, *Pitusa* de *Xosefa*, *Nenuca* de *Concepción*, *Chiqui* ou *Queca* de *Helena*. Outras veces, aínda sen ver clara esa motivación, son hipocorísticos convencionalmente aplicados a certos nomes, como *Chiruca* < *Mercedes*.

<sup>16</sup> Aínda que non deixa de haber casos de hipocorísticos válidos para os dous sexos, como *Loló* (de *Manuel* ou de *Dolores*) e, por outro lado, como xa se dixo, tamén hai sufixos rematados en *-as* para o masculino (como *-ocas* e *-olas*).

<sup>17</sup> Esta hipótese parece ser apoiada pola existencia dos antigos hipocorísticos *Chisepe* e *Xepe*. Ademais, Gonzalo Correas dicía en 1626 que “los del vulgo la quitan [la *f*], y dicen *José*; pocos en nombres de persona dicen *Josef*, porque es contra el uso Castellano, i por eso le mudamos en *Iusepe*, *Iusepa*” (apud Buesa 1988: 1622).

## 6. As novas tendencias na formación de hipocorísticos

As descritas ata aquí eran as tendencias tradicionais de formación de alcumes, que polos testemuños escritos, podemos dicir que eran válidos durante todo o século XIX e o XX. No entanto, as enormes mudanzas da nosa sociedade no último terzo do XX tiveron o seu reflexo antroponímico nunha variación dos nomes propios: nos últimos anos do século asistimos a unha renovación do corpus antroponímico maior cá producida paulatinamente nos últimos catrocentos anos (véxase Boullón 2007: 99, 111). Iso ten as súas consecuencias evidentes para o tema que nos ocupa, pois, coa mudanza de tendencias onomásticas, tamén mudou o sistema de formación de hipocorísticos, xa que o habitual é os hipocorísticos formárense a partir dos nomes máis frecuentes. Agora, eses *Manuel, Xesús, Antón, Carme, Xosefa* ven diminuír a súa preferencia de tal maneira que os hipocorísticos, se os hai, créanse en boa medida a partir doutros nomes<sup>18</sup>. Ao comparar o ránking dos nomes máis frecuentes nos tres períodos considerados, verase isto dunha forma moi gráfica: nos nomes femininos, na última década do XX só un se repite<sup>19</sup>; téñase en conta que hai moita máis distancia cronolóxica entre o séc. XVIII e o XX que entre este e a súa última década. Nos nomes masculinos, dado o seu tradicional maior conservadurismo con respecto aos femininos, isto non se aprecia de forma tan radical.

Os 20 nomes máis frecuentes en diversos períodos  
(en letra grosa, indícanse os que se repiten con respecto ao período anterior)

### 1. Femininos

Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Maria	MARIA CARMEN	LAURA
Antonia	<b>MARIA</b>	ANDREA
Josepha	CARMEN	<b>MARIA</b>
Francisca	<b>JOSEFA</b>	SARA
Juana	DOLORES	ALBA
Rosa	MARIA DOLORES	CRISTINA
Dominga	MARIA PILAR	LUCIA
Ysavel/Ysabel	MARIA JOSE	MARTA
Ana	MARIA <b>TERESA</b>	PAULA

<sup>18</sup> Os hipocorísticos tidos en conta para este período cronolóxico están tirados de Hafner 2004 (a partir de L), baseados en 802 cuestionarios feitos a rapaces nados entre 1973 e 1982, en 15 puntos de toda a xeografía galega, do coñecemento directo e máis de traballos de doutoramento realizados por Laura Sar Pose (curso 2003-2004), sobre rapaces de 3º e 4º da ESO do Concello de Muxía e Lara Rozados Lorenzo (curso 2004-2005), sobre os nomes dos socios da Asociación cultural e xuvenil Itaca, de Santiago de Compostela.

<sup>19</sup> Véxase unha análise somera da evolución dos nomes en Galicia no séc. XX en Boullón 2002. Os datos do séc. XX, como xa se dixo, están tirados do censo do INE de 2001, que carece de acentos.



Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Manuela	<b>MANUELA</b>	ANA
Angela	<b>ANA MARIA</b>	NOELIA
Cathalina	MARIA LUISA	RAQUEL
Pasqua	MERCEDES	SANDRA
Andrea	MARIA <b>ISABEL</b>	PATRICIA
Benita	<b>ROSA</b>	NEREA
Magdalena	CONCEPCION	TANIA
Theresa	PILAR	LORENA
Mariana	MARIA JESUS	TAMARA
Ygnacia	<b>ISABEL</b>	BEATRIZ
Caietana	MARIA ANGELES	IRIA

## 2. Masculinos

Séc. XVIII	Séc. XX	1990
Juan	<b>MANUEL</b>	ADRIAN
Francisco	<b>JOSE</b>	<b>DAVID</b>
Joseph	<b>ANTONIO</b>	<b>DANIEL</b>
Domingo	JOSE MANUEL	ALEJANDRO
Pedro	JESUS	<b>PABLO</b>
Manuel	JOSE LUIS	DIEGO
Andres	JOSE ANTONIO	IVAN
Benito	<b>FRANCISCO</b>	JAVIER
Gregorio	CARLOS	RUBEN
Ygnacio	RAMON	SERGIO
Antonio	LUIS	<b>MANUEL</b>
Bernardo	DAVID	MIGUEL
Miguel	JAVIER	<b>CARLOS</b>
Alonso	FERNANDO	JORGE
Thomas/Thome	PABLO	ALBERTO
Nicolas	<b>JUAN</b>	CRISTIAN/CHRISTIAN
Julian	ANGEL	MARTIN
Vicente/Vizente	DANIEL	BRAIS
Jacobo	ALBERTO	MARCOS
Bartolome	JOSE MARIA	OSCAR

Pero non se trata só da mudanza dos nomes, senón tamén da mudanza dos procedementos da formación de hipocorísticos. A partir de agora, o sistema por excelencia xa non será a aférese e a utilización dos sufixos tradicionais *-uchol-a*, *-ucol-a* *-ochol-a*, senón a apócope e o remate en *-i* átono, ao modo dos hipocorísticos ingleses.

Isto non significa que haxa unha creba repentina e total cos procedementos anteriores, senón un cambio na preferencia deles. No que respecta aos sufixos, séguense utilizando, pero agora o preferido parece ser *-iñ-al-o* (*Variño*, de *Álvaro*, *Belíña*, de *Belén*, *Noeliña*, *Lauriña*, *Vanesiña*, *Yoliña*, *Natiña* (< *Natividad*)<sup>20</sup>, rexistrado con maior frecuencia ca *-ech-al-o* (*Larecha*), *-uc-a* (*Nesuco*) ou *-uch-al-o* (*Gelucha*, *Bucha* < *Beatriz*, *Javucho*, *Mucho* < *Xaime*) e ca o outro de diminución, *-it-al-a* (*Jorgito*, *Pablito*). Nalgún caso o sufixo tradicional defórmase á maneira inglesa, como este *-uca* que pasa a ser *-uqui*, con *i* átono: *Luqui* < *Candeluqui* < *Candela*, ou *-ucha* > *-uchi*, en *Piluchi*. Ou aparecen sufixos máis exóticos, como en *Ana* > *Anuska*, *Carme* > *Carmuna*.

Tamén segue habendo palatalizacións coa africada prepalatal xorda, *ch*, por exemplo, en *Luchi* < *Lucía*, *Chechul/Chucho* < *Jesús*, *Chesco* < *Francisco* ou coa fricativa prepalatal xorda, *x* (*Xío*, de *Rocío*). E outros procedementos propios da linguaxe infantil, como a substitucións de determinados sons polas oclusivas xordas, máis fáciles de pronunciar, como en *Jorge* > *Coque*, *Diego* > *Queco*, formacións con reduplicación parecidas ás xa vistas en *Henrique* > *Quique*, *Francisco* > *Quico*.

En canto aos procesos de recorte de sílabas, rexístranse así mesmo aféreses (como a tradicional *Gregorio* > *Goro*), que poden ser dunha sílaba (*Benedicta* > *Dita*, *Elena* > *Lenal/Leni*, *Gelucha* > *Gelu*, *Vanesa* > *Nessa*, *Yolanda* > *Landa*, *Alvaro* > *Varo*, *Armando* > *Mando*), mantendo só a última (*Agustín* > *Tin*, *Martín* > *Tin*), ou rematar en *-i* átono (*Raquel* > *Quelil/Kely/Quely*, *Alejandro* > *Jandri*). E algún caso de síncope, afectando todas as consoantes: *Úrsula* > *Úa*.

Pero agora os máis abundantes son os distintos tipos de acurtamento por apócope, que reducen o nome ás dúas primeiras sílabas ou mesmo á primeira, de maneira que se van producindo sucesivos cortes do nome orixinal:

Déborah: Debo, Deb, De.

Lorena: Loren, Lore/Loro, Lo.

No caso de os nomes non levaren o acento na primeira sílaba dáse asemade un desprazamento acentual (*Xosé* > *Xose*, *Xos*, *Xo*), nun procedemento que pode come-

<sup>20</sup> En *Osquiñar* e *Marquiños* a secuencia *iño* é un infixos, pois se introduce no interior da palabra.

zar simplemente coa última consoante, como en *Óscar* > *Osca*, *Miguel* > *Migue*, pero que habitualmente suprime a última sílaba:

Andrea: Andre, Begoña: Bego, Inés: Ine, Nerea: Nere, Noelia: Noe, Vanesa: Vane, Lorena: Lore, Isabel: Isa, Sabela: Sabe, Beatriz: Bea, Soraya: Sora, Susana: Susan, Vanesa: Vane, Verónica: Vero.

Adrao: Adra, Agustín: Agus, Antonio: Anto, Bernaldo: Bérnal, Eduardo: Edu, Ernesto: Ernes, Manuel: Manu, Norberto: Nórber.

Obsérvese que moitos destes nomes coinciden en ter a segunda sílaba rematada en *-i*:

Alicia: Ali, Fátima: Faty, Fabiola: Fabi, Leticia: Leti, Lydia: Lydi, Iria: Iri, Lucía: Luci / Luchi, Mónica: Moni, Noelia / Nélide: Neli, Sofía: Sofí; Sonia: Soni/Soñi, Silvia: Silvi.

Damián: Dami, Daniel: Dani, Ramiro: Rami, Rodrigo: Rodri.

Seguramente esta razón, xunto coa existencia de hipocorísticos previos como *Pili* ou *Loli* facilitou que moitos nomes pasasen a rematar en *i* átono, contrario á estrutura fonética do galego (que en posición final átona só ten tres vocais, *a*, *e*, *o*)<sup>21</sup>. Así, moitos nomes que non tiñan *-i* na súa composición acaban rematando nesta vogal, para facelos cadrar (ou semellarse) ás correspondentes formas inglesas:

Carme: Camy, Cristina: Crisi, Dolores: Doly, María: Mery, Mercedes: Merchi, Olalla: Oli, Patricia: Patri/Pati/Patty, Raquel: Raqui/Raquy/Racky/Rachy, Rosalía: Rosy, Rosario: Rosi, Sabrina: Sabri, Sandra: Sandy, Soraya: Sori, Susana: Susi/Susy, Tamara: Tami, Vanesa: Vani, Verónica: Veri, Yolanda: Yoli.

Adrián: Adri, Bernaldo: Berni, Iván: Ivi, Maximino: Maxi, Ricardo: Riki/Ricky, Rubén: Rubi/Rugui/Ruchi.

Un paso máis no acurtamento levou ao incremento das formas monosilábicas (outra das diferenzas con respecto aos tradicionais, onde os monosílabos eran minoritarios), que mesmo rematan en consoantes insólitas en posición final (tal como *Mich*, *Mont* ou *Deb*).

Cristina: Cris, Julia: Ju, Lucía: Lu, Montserrat: Mont, Nerea: Ne; Raquel: Ra, Rosario/Rocío: Ro, Silvia: Sil, Sonia: Son.

<sup>21</sup> Así, non era raro oílos pronunciados como *Pile* ou *Lole*, que se axusta máis á composición das palabras patrimoniais.

Alfonso: Al, Andrés: Nes, Francisco: Fran; Jonathan: Jon, Miguel: Mich, Pablo: Pa.

E, coincidindo ou non con estes procedementos, é usual tamén a adopción da forma foránea correspondente ao nome orixinario, normalmente inglesa (*Beatriz: Betty; Ricardo: Richard/Richi*), pero non unicamente, porque tamén se atopa unha adaptación fonética do italiano (*Luilli < Luis*), ou unha forma francesa pero con pronuncia grave (*Michel < Miguel*, nome espallado por un futbolista).

En definitiva, os cambios habidos no corpus dos nomes de Galicia nos últimos anos reflectíronse na formación dos hipocorísticos non só na mudanza dos nomes dos que parten, senón tamén na maneira de facelos, que acusan en gran medida a influencia dos nomes ingleses a través da cultura norteamericana.

## 7. Conclusións

Os hipocorísticos constitúen un sistema alternativo ao prenome oficial, formado por alteracións fonéticas deste, que se utiliza en ámbitos de familiaridade e informalidade e con frecuencia son empregados só ata o estado adulto da persoa. Por esas razóns non se adoitan consignar de maneira sistemática e a súa recollida é máis laboriosa, pois a súa aparición por escrito se restrinxen a recollidas de campo, obras literarias ou específicas de antroponimia e necrolóxicas dos xornais.

Na formación dos hipocorísticos adóitanse combinar varios tipos de procedementos fonéticos e morfolóxicos. Os tradicionais, que se comezaron a configurar na Idade Media e continuaron en boa medida ata agora, eran, en primeiro lugar, a supresión de sons, principalmente a aférese (normalmente da sílaba inicial); en segundo lugar, o engadido de sufixos que na lingua común adoitan ter un valor diminutivo-afectivo, ou máis habitualmente despectivo, pero na antroponimia é sobre todo afectivo; o máis repetido era *-uch-*. En terceiro lugar, a presenza de consoantes palatais, especialmente  $\tilde{t}$ , seguramente por ser a menos frecuente das consoantes galegas, polo que ten un alto valor expresivo. E, por último, hai outros recursos menos recorridos, como as reduplicacións, a monotongación ou o engadido dun morfema xenérico cando o nome orixinal non o ten. Tamén hai hipocorísticos sen motivación fonética aparente, que pola súa arbitrariedade na asignación se semellan máis aos alcumes.

Este sistema de formación foi mudando na segunda metade do século XX: aumentaron as reduplicacións e, co cambio lexislativo que permitiu a incorporación de novos nomes (pois agora xa non son exclusivamente españois), mudou tamén o xeito de acurtalos: sen abandonar de todos os antigos procedementos, prefírense as formas apocopadas, proliferan as monosilábicas, impórtanse hipocorísticos e pro-

cedementos diminutivos ingleses. A influencia da cultura de masas incide na uniformización con respecto a outros ámbitos lingüísticos e á perda dos sinais de identidade característicos ata o momento.

## Bibliografía

- Alonso Núñez, A. (2000): “Os sufixos nominais diminutivos do galego actual”, *Verba*, 27: 133-174.
- Boyd-Bowman, P. (1955): “Como obra la fonética infantil en la formación de hipocorísticos”, *Nueva Revista de Filología Hispánica*, 9: 337-366.
- Boullón Agrelo, A. I. (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)* (Tübingen: Niemeyer).
- Boullón Agrelo, A. I. (2002): “2.3. Galizia”, en “I prenomi più frequenti nel mondo alla fine del secondo millennio”, *Rivista Italiana d’Onomastica*, 8: 640-642.
- Boullón Agrelo, A. I. (2007): “A escolla dos nomes en Galicia a finais do s. XX”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002*: 99-114 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Real Academia Galega).
- Buesa Oliver, T. (1988): “Recursos fónicos en la afectividad de los antropónimos”, en Ariza, M. / Salvador, A. / Viudas, A. (eds.): *Actas del I Congreso Internacional de Historia de la Lengua Española (Cáceres, 30 marzo-4 abril 1987)*. Vol. II: 1613-1640 (Madrid: Arco).
- Diéguez González, J. (2000): *O patronímico na onomástica pessoal dos documentos notariais galegos e portugueses da Baixa Idade Média (1250-1500)*. Tese de doutoramento (inédita). Universidade de Santiago de Compostela. 2 vols. Publicación en CD-Rom, 2002.
- Fernández Salgado, X. A. (no prelo): “A propósito da antroponimia en *Majina, ou a filla espúrea*”, en *II Congreso Internacional de Onomástica Galega. Pontevedra, 19, 20 e 21 de outubro de 2006* (Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega / Universidade de Vigo).
- Ferreiro, M. (1997): *Gramática histórica galega. Vol. II. Lexicoloxía* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (1996): *Os diminutivos en galego* (Vigo: A Nosa Terra).
- García i Osuna, A. (2003): “La sufixación en els malnoms”, en Casanova, E. / Valero, L. R. (eds.): *XXIX Col·loqui de la Societat d’Onomàstica. Teulada, desembre 2002*: 325-365 (València: Denes).
- Pensado Tomé, J. L. (1991): “Historia de ‘Farruco’”, en *Galicia en su lengua y sus gentes (ensayos)*: 137-139 (A Coruña: La Voz de Galicia).

- Piel, J. M. (1949): “Os nomes dos santos tradicionais hispánicos na toponímia peninsular”, *Biblos*: 25: 287-353.
- Regueira, X. L. (1989): *A fala do Norte da Terra Cha*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- Regueira, X. L. (2007): “Patróns fónicos dos nomes de persoa”, en Méndez, L. / Navaza, G. (eds.): *I Congreso Internacional de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento. Santiago de Compostela, 2-4 de setembro de 2002*: 239-256 (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega).
- Vasconcelos, J. Leite de (1928): *Antroponimia Portuguesa* (Lisboa: Imprensa Nacional).
- Weinhold, N. (2007): “La morphologie dérivationelle historique dans le dictionnaire *PatRom*”, en *Dictionnaire historique de l’anthroponymie romane Patronymica Romanica (PatRom)*, vol. I.1 *Introductions. Cahier des normes rédactionnelles. Morphologie. Bibliographies*: 111-129. Publié pour le collectif PatRom par Ana María Cano González, Jean Germain et Dieter Kremer (Tübingen: Max Niemeyer).

### Fontes para os hipocorísticos medievais

- CDFerreira = Fernández de Viana y Vieites, J. I. (1994): *Colección diplomática del monasterio de santa María de Ferreira de Pantón* (Lugo: Deputación Provincial).
- CDMaia = Maia, C. de Azevedo (1986): *História do galego-português. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referência á situación do galego moderno)* (Coimbra: INIC).
- CDRamirás = Lucas Álvarez, M. / Lucas Domínguez, P. P. (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática* (Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia).
- CDRibadavia = Enríquez Paradela, M. C. (1987): *Colección diplomática del monasterio y convento de Santo Domingo de Ribadavia*. Anexo 8 do *Boletín Auriense* (Ourense: Museo Arqueolóxico Provincial).
- CM = Cal Pardo, E. (1990): *Catálogo de los documentos medievales escritos en pergamino, del archivo de la Catedral de Mondoñedo (871-1492)* (Lugo: Deputación Provincial).
- CDMondoñedo = Cal Pardo, E. (2005) [1999]: *Colección diplomática medieval do Arquivo da Catedral de Mondoñedo: transcripción íntegra dos documentos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- DocDevOurense = Ferro Couselo, X. (1996) [edición facsímil da ed. de 1967]: *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols (Vigo: Galaxia).

- DocNoia = Barreiro García, M. C. (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocUnivSantiago = Lucas Álvarez, M. / Justo Martín, M<sup>a</sup> X. (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- LNotasRianxo = Tato Plaza, F. R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457). Edición e glosario* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- PadrónsOurense = López Carreira, A. (1995): *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- TBieitoSantiago = Fernández Salgado, A. (1999): *Documentación medieval de San Bieito do Campo*. Memoria de licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- TCelanova = Sáez, C. / Sáez, E. (1996/2000/2006): *Colección diplomática del monasterio de Celanova (842-1230). I: 842-942. II: 943-988. III: 989-1006* (Madrid: Universidad de Alcalá).
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. P. (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. (Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional).

## Fontes onomásticas dos séc. XVII ao XIX

- Álvarez Blanco, R. / Rodríguez Montederramo, X. L. (2004): “Escrita epistolar en galego: a correspondencia de Don Diego Sarmiento de Acuña, I Conde de Gondomar (1567-1626)” (I), *Boletín da Real Academia Galega*, 365: 253-291.
- “Carta recomendada” (1812), en *Gaceta Marcial y Política de Santiago*. Reproducida en *Prosa galega*: 21-22.
- Diálogo en na Alameda de Santiago entre Cristovo, Farruco, Bartolo e Freitoso* (1836) (Santiago de Compostela: Imprenta de J. Núñez Castaño). Reproducido en *Prosa galega*: 45-50.
- Dobarro Paz, X. M<sup>a</sup> (2000): “Vicente Turnes e a poesía áulica”, en Rodríguez, J. E. (ed.): *Estudios dedicados a Ricardo Carvalho Calero*. Vol. 2: 205-212 (Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia / Universidade de Santiago de Compostela).
- Encuentro y coloquio que tuvieron na ponte da Chainsa cercana a vila de Noya, Gurumete, R. Pedro de Atanasio, è Pepe Alonso, ò dia 13 de Noviembre de 1836, en que se nombrou na-quela vila ò Auntamiento Costitucional* (1837) (Santiago de Compostela: Imp. de José Fermín Campaña y Aguayo). Reproducido en *Prosa galega*: 59-60.

- Fandiño, A. B. (2000): *A Casamenteira*. Introducción de Xosé R. Barreiro, Laura Tato e Carmen Blanco (Ourense: Linteo).
- Fernández y Neira, J. (1810): *Proezas de Galicia, explicadas baxo la conversación rústica de los dos compadres Chinto y Mingote* (Coruña: Imprenta da Vila).
- Fernández Rifón, A. (1999): *Cabanas, Erines, Laraxe, San Martín do Porto, Regüela, Sta. Cruz do Salto, Soaserra: según las respuestas generales del catastro de Ensenada, año 1752 y emblemas del municipio* (A Coruña: Deputación da Coruña).
- Fiestas Minervales, y aclamación perpetua de las Musas, a la inmortal memoria de el Ilustrissimo, y Excelentissimo señor D. Alonso de Fonseca el Grande por su Escuela y Universidad* (1993) [ed. facsímile da ed. de 1697] (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).
- La Coruña 1752: según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada* (1990). Introducción: Baudilio Barreiro (Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).
- La Tertulia de Picaños* (1836) (Santiago: Imprenta de D. J. F. Campaña y Aguayo) Reproducido en *Prosa galega*: 34-39.
- Lema Suárez, X. Mª (2006): *Onomástica histórica dunha parroquia galega: Berdoias (1607-2000). I. Os nomes masculinos* (Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica).
- Pardo de Andrade, M. (1813): *Os rogos d'un gallego establecido en Londres, dedicados os seus paysanos para abriilles os ollos sobre certas ñorancias, e o demais que vera o curioso lector* (Coruña, á instancias de varios patriotas amantes del Gobierno y de la Constitución. Caxa tipográfica del Diario).
- Pardo de Neyra, X. (2002): *O labor lírico do ilustrado cura de Fruíme: textos galegos de Zernadas y Castro [1702-1777]* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Parola de Cacheiras* (1836). Reproducida en *Prosa galega*: 61-63.
- PIsla = *Cartas familiares y escogidas del Padre José Francisco de Isla escritas a su hermana María Francisca de Isla y Losada y a su cuñado Nicolás de Ayala desde 1755 a 1781* (1884) (Barcelona: Daniel Cortezo y Cª).
- Prosa galega. Desde os primeiros oitocentitas ao grupo Nós* (1976) (Cátedra de Lingüística e Literatura Galega da Universidade de Santiago de Compostela).
- Saco Arce, J. A. (1967) [1868]: *Gramática gallega* (Ourense: Graf. Tanco).
- Sánchez Rei, X. M. (2006): *A lingua galega no cancionero de Pérez Ballesteros* (Santiago de Compostela: Laiovento).
- Santiago de Compostela, 1752: Según las Respuestas Generales del Catastro de Ensenada* (1990). Introducción: Antonio Eiras Roel (Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).
- Sarmiento, M. [1746]: *Coloquio en mil duascentas coplas galegas*. Facsímile do orixinal autógrafo (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición



divulgativa, feita e anotada por Henrique Monteagudo: s.l.: La Voz de Galicia / Galaxia, 2002).

*Tuy 1753: según las respuestas generales del catastro de Ensenada* (1990).  
Introducción: Ofelia Rey Castelao Madrid: Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria / Tabapress).

### Fontes para os hipocorísticos do séc. XX

*Cancioneiro popular galego* (1984-1995). Recollido e ordenado por Dorothe Schubarth e Antón Santamarina. Vols. 1, 2, 4, 5, 6 (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

DNG = Ferro Ruibal, X. (dir.) / Boullón Agrelo, A. I. / Lema, J. M. / Tato Plaza, F. R. / García, J. M. (1992): *Diccionario dos nomes galegos* (Vigo: Ir Indo).

Fernández Rei, F. / Hermida Gulías, C. (eds.) (2003) [1996]: *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Hafner, U. (2004): *Namengebung und Namenverhalten im Spanien der 70er Jahre* (Tübingen: Max Niemeyer Verlag. Patronymica Romanica 21).

Iglesias González, X. (2005) "Hipocorísticos", *Cedofeita: Asociación Socio-Cultural Cedofeita*, 9: 15-16 .

Santos Gayoso, E. (2002): *Diccionario de seudónimos y apodos gallegos* (Santiago: Nino).

TILG = *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Antón Santamarina. Páxina web: <http://www.ti.usc.es/TILG/index/.asp>

Torres Regueiro, X. / Cuns Lousa, X. (1989): *Alcumes recollidos en Betanzos* (Betanzos: Concello).

## Anexo: relación de hipocorísticos

Para simplificar, e tendo en conta que non en tódolos casos se tiña constancia de cal era a forma oficial á que correspondía o hipocorístico, tendín a regularizar as formas primitivas normalmente coa forma galega, aínda sendo consciente do atrasado que en Galicia está o proceso de re-galeguización da antroponimia. Tódalas formas que están aquí, procedentes de fontes diversas, corresponden a usos reais, de aí que poidan aparecer formas femininas e non as masculinas correspondentes, ou á inversa. Están incluídas as proporcionadas polas fontes do séc. XVII en diante.

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Abelardo		Lalo	
Adolfo		Dolfo	
Adoración		Dora	
Adrao			Adra
Adrián, -na			Adri
Afonso/Alfonso		Fonso	Al Poncho
Agostiño/Agustín	Agosto	Justo	Agus
Tin			
Agustina		Tina	
Alexandra, -dre		Xandra, -dre Xana-, -no / Jano Janolo	Jandri
Alfredo		Firuco	
Alicia			Ali
Álvaro		Varo	Varo
Variño			
Amalia		Malucha	
Amelia		Meluca Memé	
Ana			Anuska
Ana + Isabel		Anabel	
Andrea			Andre
Andrés	Andruco	Necho Nes Cholo	Nes Nesuco
Ángel		Lito	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Ángela Anxela, -lo		Xela, -lo Xeluca, -co / Geluco Xelucha, -cho / Gelucho Xeli	Gelu
Angustias		Pilucha	
Anselma		Selma	
Antón/Antonio	Antón	Antón Andolas Antucho Tucho Tito To Tocho Tonecho Toneco Tono Toño Toñico Totó	Anto
Antonia	Antoniña	Tona Tucha	
Armando			Mando
Asunción		Xonxa Chon Chona Choncha	
Avelino		Lino	
Balbina		Nocha	
Baldomero		Mero	
Beatriz			Bucha Bea Betty
Begoña			Bego
Belén			Beliña
Benedicta			Dita
Benigna, -no		Benucha,-cho Nucha,-cho	
Benito	Beni	Tocho	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Bernaldo			Bérnal Berni
Bernarda/-do		Narda/-do Nucha/-cho Lalo	
Bertolomeu /Bartolomeu	Bértolo Bartolo Bartoldo	Bértolo Bartolo	
Caetana	Caitaniña		
Caetano		Tano	
Candela			Luqui
Cándida/-do		Canducha/-cho Ducha/-cho Canucho	
Carlos		Carlucho Carolo	
Carme	Carmela	Carmela Mela Lucha Carmucha Mucha Carmuca Carmiña Menchu Chicha	Camy Carmuna
Casilda		Silda	
Catarina	Catuxa	Catuxa	
Celestina		Tina	
Celestino		Cilistro	
Celso		Siño	
Claudia			Clau
Concepción		Nenuca Concha Chicha	
Constantino		Tino	
Cristina			Crisi Cris
Damián			Dami
Daniel			Dani

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Darío		Iño	
Déborah			Debo Deb De
Diego			Queco
Dolores		Lola Loli Lolita Loló	Doly
Dominga	Dominguiña Minga Minguiña Mingota		
Domingo(s)	Mingos Mingo Minguiño Mingote Mingacho Mingucho	Mingo(s)	
Dorotea		Dora	
Edelmira		Miruca	
Edelmiro		Miro	
Eduardo		Educho Chacho Dito Ito	Edu
Eladina		Dina	
Eleuterio		Telo	
Eligio		Ligucho	
Eliseu		Cholo	
Elvira		Viruca Virucha Viri Virita	
Emilia		Milucha Lucha Miluca Mila	
Emilio		Miluco Milucho Lucho	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Encarnación		Chincha Encarna	
Ermesinda		Sinda	
Ernesto			Ernes
Eugenia, -nio		Genucha, -cho Nucho	
Eulogio		Locho Gelucho	
Evaristo		Suso	
Ezequiel	Zaquiél		
Fabiola			Fabi
Fátima			Faty
Felipe, Filipe		Chelipe Filucho	
Fernando	Fernanduco	Nando Nano	
Filomena		Filucha	
Florentina		Tinucha	
Florencia		Pencha	
Florentino		Tino Floro Tinucho	
Francisca	Farruca	Filucha Farruca Pacucha Sisca Quica	
Francisco	Farruco	Fuco Farruco Farruquiño Chisco Chuco Franco Paco Pacucho Pachuco Pucho Pachicho Chicho Pancho Panchulo Quico	Fran Chesco Quico

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Gonzalo	Zalo	Cholo Chalo	
Gregorio	Gorecho Goriño	Goro Gorecho Goros	Goro
Gumersinda		Chinda	
Gumersindo		Sindo	
Helena		Lenuca Chiqui Queca	Lena Leni
Henrique		Ricucho Rico Quique Queco Cholo	Quique
Hilario		Lalo	
Honorinda		Nonda	
Ignacio		Nacho	
Inés			Ine
Inmaculada		Inma Macu	
Inocencia/cio		Chencha/cho Xenxa/xo	
Iría			Iri
Isabel	Sabel Sabela	Sabela Xabela Beluca Chicha	Isa
Isidoro		Doro	
Isidro		Sidro	
Ismael		Maelo	
Iván			Ivi
Javier			Javucho
Jonathan			Jon
Jorge			Coque Jorgito
Lara			Larecha
Laura			Lauriña

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Laureano		Nito	
Leonardo		Xoxardo Nardo	
Leopoldina		Polda	
Leticia			Leti
Lisardo		Lito	
Lorena			Loren Lore Loro Lo
Lourenzo		Tito	
Lucía			Luci Luchi Lu
Luciano		Tano Chano Luchano	
Luís		Iño	Luilli
Luísa		Lis Sisa	
Luz		Lucita	
Lydia			Lydi
Madalena		Mada	
Manuel		Manolo Noli Lolo Lito Locho Nel Nelo Lelo Manecho Maecho Cholo	Manu
Manuela		Manola Nola Noli Lita Lela Nela	
Marcelina, -no		Nucha/-cho	



Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Marcos			Marquiños
Margarida/Margarita		Marga Magú	
María	Marica Mariquiña Maruxa Maruxiña	Maruxa Maruxela Marucha Marica Mariquiña Maruca Marucha Maúca Uca Miúca Machuca	Mery
María + Carme		Maca Maica Marita Menani	
María + Dolores		Mariló Maló Maloles Madó	
María + Elisa		Mariela	
María + Ester		Marité	
María + Helena		Malena	
María + Isabel		Maribel Mabel	
María + Lidia		Marilí	
María + Luísa		Marisa Marilís	
María + Luz		Malú	
María + Mar		Marimar	
María + Rosa		Marosa	
María + Tereixa		Maite Marité	
María + Virtudes		Mariví	
María + Xesús		Chus Chusa Chuchú Chuchi Maruchi	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
María + Xosé/Xosefa		Marisé Maripepa Sesé	
Marina (cast.)		Marinocha	
Marta		Martula	
Martín, Martiño		Tiñolo	Tin
Matilde		Matucha Matuca Matusa Tilda Duca	
Maximino			Maxi
Mercedes		Merche Chedes Chiruca	Merchi
Miguel			Migue Mich Míchel Míkel
Milagros		Mila	
Mónica			Moni
Montserrat		Monse	Mont
Natividad		Chelo	Natiña
Nélida			Neli
Nerea			Nere Ne
Noelia			Noe Neli Noeliña
Norberto			Nórber
Olalla			Oli
Olegario		Garucho	
Óscar		Tucho	Osca Osquiñar
Otilia		Tila	
Pablo			Pablito Pa
Patricia			Patri Pati/Patty

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Pedro	Perucho Perico Periquiño Pedriño	Perucho Peruxo Perico	
Perfecto		Chicho	
Piedad		Piti	
Pilar	Pilara	Pilocha Pitusa Piruca Pilara Pili	Piluchi
Plácido		Pacho	
Presentación		Presenta	
Prudencia		Pencha	
Purificación		Porfica Pura	
Rafael		Felo Lucho Chiño	
Raimundo		Mundo Rai	
Ramiro		Miro	Rami
Ramón		Moncho	
Raquel			Raqui/Raquy/Racky Rachy Ra Queli/Kely/Quely
Regina		Gina Ginocha	
Remedios		Reme	
Ricardo		Cardocho Carducho Tito	Riki/Ricky Richard Richi
Rita		Chuca	
Rocío			Xío Ro
Rodrigo			Rodri
Rosa		Coca	
Rosalía		Chelía	
Rosario	Chicha	Rosy Charo Chara	Rosi Ro

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Rubén			Rubi Rugui Ruchi
Sabela			Sabe
Sabrina			Sabri
Salvador		Pachucho	
Sandra			Sandy
Santiago		Chago Santi	
Sebastián	Bastián		
Serafín		Fincholo	
Serafina		Fina	
Silvia			Silvi Sil
Sofía			Sofi
Soledad		Solita	
Sonia			Soni Soñi Son
Soraya			Sora Sori
Susana			Susan Susi/Susy
Tamara			Tami
Tereixa/Teresa		Teruca Suca Terucha Terela Teté	
Trindade		Trina	
Úrsula			Úa
Valentín		Vitín Neco	
Valentina		Tina	
Vanesa, Vanessa			Vane Vani Nessa Vanesiña
Venancio		Zalo	
Verónica			Vero Veri

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Vicente		Chente Vituco Cholas	
Vítor		Vituco Vitolo Vitocho	
Vitoria		Totora Toya Viqui	
Xabier/Xavier		Xavi (Javi)	
Xacinto	Chinto	Chinto	
Xaime			Mucho
Xertrudes	Xêtrudiñas		
Xesús		Suso Susete Xuxo Chucho Chechu Cuchús	Chechu Chucho
Xesús + María		Chumi	
Xesusa		Susa	
Xoán / Juan	Xan Xaniño	Xan Nucho Xanocas Xanzolo Xanzolas Juanito Juansiño	
Juan + Carlos			Juanca
Xoán + Xosé		Xanxo	
Xoana	Joaniña Janiña	Nucha Xana Chucha	
Xoaquín	Xaquín Xoquín	Xaquín Xoquín Xocas Xoco Quin Quino	
Quinocho			
Xoaquina		Nocha Quinola Xaquina	

Nome	Hipocorísticos ss. XVII-XIX	Hipocorísticos s. XX	Novas tendencias
Xosé / José	Chisepe Xepe Xepiño Pepe	Che Cheíño Cheché Xe Pepe Pepucho Pepote Pepito Piño Pucho Pepiño / Pepín Seso Joseíño Sito Josito Josiño Josecho	Xose Xos Xo
Xosé + Luís		Xelís Chelís Cholo Lilís	
Xosé + Manuel		Cheto Cochecho	
Xosé + María		Chema Chemari	
Xosefa / Josefa	Pepa	Pepa Pepucha Pepita Pepitiña Chefa Checha Fefa Sesa Sefa Xefa Fita Fitucha Pirucha Pitusa	
Xosefina / Josefina		Fina Finuca	
Xulia / Julia			Ju
Yolanda			Yola Yoli Yoliña Landa